



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO DO CONCELLO
O DIA 13 DE XANEIRO DE 2011

ALCALDE: D. Jesús Vazquez Almuiña

CONCELLEIROS: D. Angel Manuel Rodal Almuiña
Dna.Rosa Ana Marcote Guillén
Dna.María Iglesias Fernández
Dna. Maria de los Angeles Silva Gonzalez
Dna.Ana Simons Sánchez
D.Jose Rodríguez Trigo
Dna.Maria Jesús Martíns Passos

D. Manuel R. Vilar Marquez

D. Rafael Lores Rosal
D.Manuel Rafael Estévez González
Dna.Emilia Giráldez Ramirez
Dna.Laura Miguez Pérez
Dna. Teresa Perez Vieira
D. Manuel A. Gonzalez Marcote

D. Xose Enrique Fernández Fernández
D. Roberto C. Valverde Sabin

SECRETARIA: Dna.Susana Gallardo Fariña

INTERVENTORA: Dna.Rosa del Riego Santos

Na Casa Consistorial de Baiona, a trece de xaneiro de dous mil once, reúnen-se os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas, o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión.

SR.ALCALDE.- Antes de nada quixera facer pública a felicitación a dous Policías Locais, D.David Rial e D.Ignacio Romero, pola súa actuación fai uns días coa detención de 4 persoas que estaban roubando nun comercio de Baiona, e que xa o fixeran noutros sitios; felicitálos pola súa brillante actuación inicialmente ante unha denuncia veciñal, chegando alí e impedindo o roubo polos 4 delinquentes, que xa pasaron a disposición xudicial.

Dicir tamén que recibimos comunicación da Consellería de Medio Ambiente, carta en resposta á Moción que habíamos aprobado por unanimidade da retirada do Plan de Portos, na que se nos comunica que sí, que xa se instou a Portos para que se retirara, e se fixo xa efectivo fai uns días; que quede constancia.

Pásase ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

1.- APROBACIÓN DEL ACTA ANTERIOR.

Acta de 16 de decembro de 2010.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

O Sr.Alcalde pregunta se hai algunha observación que facer á devandita acta, e non producíndose ningunha, fica aprobada por unanimidade a acta do día 16 de decembro de 2010.

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDÍA.

Os concelleiros dispoñen das devanditas resolución da Alcaldía.

3.- APROBACION, SE PROCEDE, DA MODIFICACION PUNTUAL Nº 6 DO PLAN XERAL DE ORDENACION URBANISTICA DO CONCELLO DE BAIONA.

O SR.ALCALDE cede a palabra á SRA.SECRETARIA.

SRA.SECRETARIA.- Por parte de los servicios técnicos se propone la modificación del artículo 416.6.2 del Plan General de Ordenación urbana aprobado en 1.994 por la Comisión de Urbanismo, en aras de permitir que los edificios que se construyeron con anterioridad a la aprobación del Plan, los bajos, puedan no estar supeditados a la altura que prevé actualmente nuestro Plan General que es una altura libre mínima de 2,70.

Lo que se propone es la modificación de dicho artículo para permitir que en esos edificios construidos con anterioridad a 1.994 se pueda establecer una altura que sea la permitida por el Reglamento de Salud Laboral y así poder permitir el ejercicio de determinadas actividades comerciales, y desarrollar e impulsar el comercio y otras actividades destinadas a los usuarios.

SR.RODAL, PP.- Feliz año a todos y bienvenidos; espero que todos estemos de acuerdo en este punto tan importante para nuestro pueblo. Es un momento en el que seguimos inmersos en la crisis y esperemos que el 2011 no sea peor que el 2010. Como bien comentó la Secretaria, hay ciertos locales, sobre todo en el casco histórico, que no cumplen la altura que desde el Plan General del 94 eran 3 metros, por lo que proponemos que sean 2,50; porque estamos en momentos de crisis es muy importante esta modificación para que mucha gente pueda montar negocios en esos locales; hay mucha demanda en la oficina de Urbanismo de gente interesada pero que no puede acceder a esos locales precisamente porque según la Ley del 94 tienen que tener los 3 metros y como la mayoría de ellos no tienen esa altura suficiente por eso recurrimos a esta puntualización, a esta modificación, para que sean 2,50 mts., y así pueda invertir más gente, bien sea del propio pueblo ó gente del entorno; podréis ver en los Municipios limítrofes y de toda España que hay un montón de locales deshabitados y creemos que esta es una medida muy buena para potenciar todavía más sobre todo el comercio.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Nosotros, en varias Comisiones de Seguimiento del Plan General, manifestamos que en muchas ocasiones son necesarias las modificaciones puntuales de los Planes generales, y poníamos incluso el ejemplo del Plan General de Barcelona que lleva vigente 35 años; teniendo en cuenta que el de Baiona a corto plazo no se va a poder llevar a cabo debido a muchas razones, entre ellas la compleja normativa y las novedades legislativas que se van produciendo cada poco, y lo fundamental en este planteamiento que hace el gobierno es que estén justificadas las razones de interés público, que entendemos perfectamente justificadas, por lo cual vamos a apoyar esta modificación. Muchas gracias.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Os que se moven no mundo empresarial e nos temas urbanísticos deste Concello, sabemos que todo o que é o casco histórico incorre nesta irregularidade, de tal xeito que moita xente que ten baixos comerciais que puidera alugar pois se atopa con esta problemática; polo tanto a nós parécenos correcto que se aprobe este punto; é máis: pensamos que debera aprobarse fai moito tempo xa. En todo caso o que sí nos sorprende é que neste Concello sigan facendo as propostas os servizos técnicos e non o equipo de goberno; neste caso a proposta da Alcaldía dí: "*Vista la propuesta de modificación del Plan General de Ordenación*



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Urbana vigente redactada por lo servicios técnicos", e os servizos técnicos non especifican en ningún momento que sexan eles os que propoñen; imaxino que cando di o Alcalde que son os servizos técnicos os que propoñen, e non a Concelleira, pois será así. En todo caso cando nos aparece un punto na orde do Día destas características, non soamente para os concelleiros da oposición, senón para a xente na rúa, cando se entera destas propostas, a cuestión é sempre a mesma debido ós antecedentes que existen; e a cuestión é a seguinte: ¿porqué e para quen?; me imaxino que máis adiante quizás o sepamos; ¿porqué se fai a estas alturas cando xa debiera estar aprobado o Plan Xeral?, (que segue no caixón do Alcalde), e para quen; ¿quen está interesado en que se aprobe isto aparte dos veciños e veciñas que dispoñen dun local comercial para alugar ou para vender?; me imaxino que o tempo dará a contestación a estas preguntas. Nada máis, pola nosa parte aprobamos o punto sen problema ningún.

SR.ALCALDE.- Moitas grazas Sr.Fernández, pero está claro o que dí: "para os veciños e veciñas de Baiona".

SR.VILAR, CMÑ.- Me parece unha medida correcta en vista da cantidade de leis que están ahí e que fan que se retrase o Plan Xeral, cousa que por outro lado é necesaria para aprobar un documento desa envergadura; é necesario que se faga con tódala normativa vixente adaptada a él para que sexa un documento xurídico impecable.

Os Concellos temos que recorrer ao que temos que recorrer, que son as modificacións puntuais, que non foron moi abondosas dende que se aprobou o Plan Xeral; se fixeron poucas; é unha medida lexítima, legal, apropiada, realista, e que se axusta ós intereses e á defensa dos veciños; é impecable. Moitas veces as modificacións puntuais son algo normal no propio desenrolo dun Plan Xeral para corrixir erros ou plantexamentos que quedaron xa desfasados no tempo.

Me parece que é unha medida oportuna e moi adecuada ó planteamento urbanístico; calquera outra especulación que se faga contra isto non deixa de ser algo carente de sentido; sobre todo esta modificación que nace co apoio de todos; polo tanto non sei porqué se critica; se alguén a critica que vote en contra; senón é que estamos todos de acordo con esta medida; creo que ese sería o mellor favor que lle poden facer ós seus electores: voten en contra se así o consideran e se van a votar a favor pois defendan a medida en sentido positivo. Estamos a favor, como non pode ser doutro xeito.

SR.RODAL, PP.- Agradecer tanto al PSOE como al BNG votar positivamente (tal como he entendido) esta Propuesta del orden del Día, entendía que no iba a ser de otra manera; pero decirle al Sr.Fernández que sus comentarios son un poco curiosos: yo en Turismo tengo técnicos y ellos asesoran, pero luego los políticos decidimos. Los técnicos aquí hacen una labor; en el Ayuntamiento estamos los políticos, pero los técnicos y todo el personal también tienen una función muy importante, y hablo en nombre de la Concejala de Urbanismo: hay unos técnicos que dan asesoramiento y después las decisiones se toman a ciertos rangos superiores.

Este tema de los locales es algo muy importante no solamente para la gente de Baiona; dense cuenta que un local que se alquile beneficia a la persona que monta el negocio y que supuestamente ya no estará desempleada, y también a la persona que lo alquila y que percibe un dinero por ese alquiler; y como he dicho antes, no solamente a la gente de Baiona. A mí me interesa que los locales de Baiona estén ocupados, ojala que den trabajo para nuestra gente, para nuestros hijos, para nuestros nietos, pero que dé también trabajo a la gente del entorno; lo importante es que haya vida en Baiona, y de esto es de lo que hablamos en Turismo: de desestacionalizar.

Usted, Sr.Fernández, siempre ve el lado oscuro de la película; todos decimos que está muy bien, que es algo bueno para Baiona, y resulta que siempre habrá una parte negra; aquí no hay ninguna parte negra, como ustedes siempre quieren hacer creer.

SR.FERNANDEZ, BNG.- O lado escuro, Sr.Rodal, é simplemente, como dixen ó principio, polas situacións que levamos vividas neste Pleno, neste goberno, e nesta lexislatura; cando se é capaz de botar abaixo unha ordenanza de ruídos porque lle molesta a alguén..; ese é o lado escuro.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Vostedes quererán que aquí se monten negocios e que a xente teña actividade, pero o movemento se demostra andando e vostedes fan todo o contrario do que están dicindo, de feito neste Concello hai moito parado, hai moitas empresas da construción que non poden construír porque vostedes non aprobaron o Plan Xeral, e lle recordo que este mes remata a paralización de licenzas, o que significa que a partir deste mes a calquera veciño que solicite licenza hai que darlla; e se a licenza é dunha vivenda (cumprindo a normativa, evidentemente), pero se a vivenda é onde se prevee un futuro vial, terán que darlla, e poderán empezar a construír; e dentro dun ano cando se aprobe o Plan terán que indemnizalo para tirarlle a casa abaixo; esa é a boa xestión, esa é a moi boa xestión da Concellería de Urbanismo e do equipo de goberno; "Viva la Pepa".

Fai uns días saíu na prensa como os empresarios de todo o Val Miñor lle reprochaban ós Alcaldes, entre eles ó de Baiona, a falta de iniciativas para aprobar o Plan Xeral; pero é que tamén está no caixón o PEPCHAB, que resolvería o 80 ou o 90% da problemática que hai por esta cuestión, que son os locais do casco vello; non resolvería todos, pero sí o 80 ou 90%; hai que ser consecuentes e dicir a verdade.

Sr.Vilar, efectivamente, 6 modificacións puntuais dende o ano 94 non son moitas; tampouco son poucas; pero é certo que non son abondosas, pero sustanciosas sí; sustanciosas, moito; para algúns sobre todo; e me veñen á cabeza as torres do Burgo; nada máis.

SR.ALCALDE. - Creo que ten vostede un pouco de empanada mental, di por un lado que non se dan licenzas e que non se pode construír, por outro que cando se levante a paralización se van a construír, non sei que quer dicir, hai que aclararse, ou se constrúe ou non se constrúe. A verdade é que me sorprende a defensa cerrada que fai dos promotores, Sr.Fernández, o Bloque non era precisamente dos que defendían a construción. Nós estamos facendo o que podemos; pero milagres, os xustos. O que non podemos é cambiar normativas estatais e autonómicas; dar seguridade xurídica nun planeamento é o fundamental. Non ten ni idea; dende o ano 2005 que empezou este novo Plan houbo unhas 18 novas leis estatais e autonómicas que afectan ó planeamento de Baiona, polo tanto non diga tonterías: 18 como mínimo: Habitat, 2 veces, Lei do Solo, 2 ou 3 veces; o POL; as directrices de Ordenación do territorio; e non sigo.

SR.FERNANDEZ, BNG. - Pero o POL di textualmente que tódolos Plans Xerais que estean adaptados ó 2002 non sufrirán ningún tipo de cambios, estarán adaptados xa inicialmente. Polo tanto diga vostede a verdade: tódolos Plans que estean adaptados á Lei do 2002 non terán cambio de ningún tipo; o di a redacción do POL, non o digo eu.

SR.ALCALDE. - Creo que se quedou anclado vostede no 2002; hai que ler un pouquiño máis.

SR.VILAR, CMÑ. - O Sr.Fernández quedou anclado moito antes; aquí hai unha cousa clara, as modificacións puntuais, cando se axustan á legalidade, cando toma o Pleno un acordo, cando hai exposición pública, cando hai informes favorables da Xunta e de tódolos organismos, é un instrumento legal. E as modificacións puntuais no Plan nunca supuxeron aumento de volumen, supuxeron reordenación de volumes, porque senón xa nin a propia Xunta o permitiría. E voulle a recordar que cando nós propuxemos unha reforma entre o PERI III e o PERI IV, de Sabarís, para poder construír alí unha zona reservada a Pavillón de Deportes, o Sr.Fernández non a aceptou. Non a aceptou, e se hoxe en día Sabarís non ten Pavillón é porque o Sr.Fernández non se responsabilizou; e nós paramos incluso o Pleno para propor unha modificación puntual, porque todos sabemos que un Plan Xeral é un documento complexo e cando hai que actuar sobre un determinado territorio ao mellor hai que facer un novo plantexamento para axustarllo mellor á realidade; esas son as ventaxas das modificacións puntuais. O Urbanismo ten que ser vivo, pero ten que ser transparente e legal, e para iso están as modificacións puntuais. Mire vostede, Barcelona, con ser unha das urbes máis importantes de Europa e do mundo, non ten Plan Xeral; e crece urbanisticamente a través de modificacións puntuais; é un procedemento moi razoable crecer a base destas modificacións, porque sempre a



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Corporación e tódolos Organismos poden dar a súa opinión; iso é legal. Polo tanto que non nos chame a atención.

Ademais, eu lle arroxo ao Sr.Fernández un guante; moi ben, a partir de agora vostede que tan ben coñece o urbanismo de Baiona (me consta que é un bo coñecedor; como concelleiro recoñezo que vostede sabe de Urbanismo), pode vostede agora facer modificacións puntuais, pode vostede facer propostas, nós estamos abertos a calquera proposta que sexa constructiva; ahí ten vostede un traballo importante para facer; a partir de agora, aínda que o noso plan xeral está en standbay, pendente de axustalo ás novas leis da Xunta de Galicia. Tamén queda aberto o Plan de propostas de modificacións puntuais, e ahí a Corporación pode participar; polo tanto creo que non nos debe chamar a atención que se fagan máis modificacións que melloren o planeamento urbanístico de Baiona. Estamos a favor, e a favor incluso de modificacións puntuais que melloren a situación urbanística.

Sometido a votación polo Sr.Alcalde o presente punto, resulta aprobado por unanimidade.

Polo cal, o Pleno, por unanimidade, ACORDA:

Primero.- Aprobar inicialmente la modificación puntual nº6 del Plan General de Ordenación urbanística del Ayuntamiento de Baiona consistente en la modificación del artículo 4.1.6.2 Condiciones de locales, apartado 4 relativo a la altura de éstos, en los siguientes términos:

"4.- Os comercios que se establezan en nivel inferior á planta baixa, non poderán ser independentes do local inmediato superior, estando unidos a este por escaleira cun ancho mínimo de 1 metro. A altura libre mínima dos locais comerciais será de 3 metros, -salvo aqueles que fosen construídos con anterioridade á entrada en vigor do presente PGOU, onde se poderá reducir esta altura ata os 2,50 metros, sempre e cando se adapten ás condicións esixidas pola regulamentación vixente e demais normativas sectoriais de aplicación, e en particular, á de seguridade e saúde nos lugares de traballo-, e os semisotos que poderán ter unha altura libre mínima de 2,70 metros."

Segundo.- Proceder al cumplimiento del plazo de exposición al público por un plazo de 2 meses mediante inserción de anuncio en el DOG y dos periódicos de mayor difusión de la Provincia.

Tercero.- Recabar los informes sectoriales pertinentes.

4.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE BAIONA SOBRE O ANTEPROXECTO DE CREACION DA AREA METROPOLITANA DE VIGO.

5.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVO O ANTEPROXECTO DE CREACION DA AREA METROPOLITANA DE VIGO.

O Sr.Alcalde comenta que poden tratarse os dous puntos conxuntamente, as dúas Mocións, aínda que as votacións sexan independentes.

Cede a palabra ó **SR.RODAL, PP**, quen procede á lectura da seguinte:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE BAIONA SOBRE O ANTEPROXECTO DE CREACIÓN DA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

O proxecto de crear unha área metropolitana na zona de influencia do municipio de Vigo responde a un anhelos colectivo por dotarse de institucións acaídas para afrontar con éxito os retos que presenta a gobernanza dunha innegable realidade metropolitana.

Os primeiros contactos entre os distintos concellos de cara a súa integración nun futuro ente metropolitano datan de finais dos anos oitenta. Polo tanto, son case vinte anos madurando un proxecto de colaboración entre os 14 concellos que integrarán o futuro ente, que agora semella por fin ver a luz, e que tivo como etapas fundamentais as declaracións de Soutomaior en 1999 e Nigrán no ano 2000, así como o anteproxecto de Lei do ano 2005. En definitiva, uns antecedentes marcados polo consenso e pola xenerosidade de todos os mandatarios municipais.

Polo tanto, a Área Metropolitana de Vigo é un proxecto real, un instrumento efectivo con enormes posibilidades que ten como finalidade última a racionalización de estruturas, a eficacia e a eficiencia administrativas. Semella sensato dispoñer dunha estrutura de xestión que mellorará os servizos, aplicará economías de escala e aforrará custos. En definitiva, máis e mellor goberno, con menos burocracia.

A Xunta de Galicia, dende que o novo goberno galego asumiu hai ano e medio as súas responsabilidade, retomou con forza un proxecto que estivo catro anos estancado, e convocou a todos os axentes implicados para calibrar o mantemento dos consensos básicos a través dun intenso proceso de diálogo, que serviron para constatar que tras 10 anos, o cerne do proxecto permanecía intacto.

Ademais de comprobar o mantemento destes consensos fundamentais analizouse a viabilidade técnica do proxecto, xa que os condicionantes de hai catro anos poderían verse modificados, e así, presentouse o pasado 13 de outubro aos catorce concellos o Estudo de Viabilidade realizado por unha institución tan solvente como a Universidade de Vigo, que demostrou con cifras e números que os aforros teóricos produciríanse no suposto de xestión metropolitana de determinados servizos.

Este proceso entrou na súa fase decisiva cando o pasado 25 de novembro de 2010 cando o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza presentou o anteproxecto de Lei de creación da Área Metropolitana de Vigo aos catorce alcaldes das entidades locais afectadas.

Asemade, con data 30/11/2010 foi recibido nesta entidade local o antedito texto aos efectos de presentación de alegacións e suxestións ao mesmo.

Na medida en que o proxecto presentado pola Xunta de Galicia incorpora todas as achegas realizadas ao longo dos últimos anos, mantendo os consensos fundamentais, consideramos que este proxecto merece ser apoiado sen prexuízo dunha eventual mellora durante a fase de tramitación parlamentaria.

Polo exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular eleva ó Pleno do Concello de Baiona a proposta de adopción do seguinte ACORDO:

Entender cumprido o trámite de audiencia e manifestar o posicionamento favorable ao texto do anteproxecto de Lei de creación de Área Metropolitana de Vigo remitido pola Xunta de Galicia, instando a que continúe a súa tramitación.

Procede agora o **SR.FERNANDEZ, BNG**, á lectura da seguinte:



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVO O ANTEPROXECTO DE CREACION DA AREA METROPOLITANA DE VIGO

D. Xosé Enrique Fdez Fdez, voceiro do grupo municipal do BNG do Concello de Baiona en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1º.- A Xunta de Galicia ven de anunciar a presentación do Anteproxecto de Lei de creación da Área Metropolitana de Vigo que ten por obxecto e natureza a creación da área metropolitana de Vigo e o regulamento da súa organización, competencias e financiamento.

2º.- É o resultado dun proceso no que non houbo concertación nen consenso xa que na elaboración de dito anteproxecto non tiveron unha participación efectiva e real os concellos afectados, limitándose o Goberno galego ao establecemento de contactos mediante persoal técnico, pero sen ningún encontro de traballo no plano político, limitándose a posterior a un convite de alcaldes e alcaldesas e outras personalidades para facer unha presentación mediática e sen convidar ao conxunto das corporacións locais.

3º.- Examinado o contido de dito anteproxecto, desprendese que é unha proposta que non responde ás necesidades de vertebración dun espazo xeográfico funcional de feito en base as seguintes cuestións:

- a) Non obedece a unha reforma da estrutura institucional local galega, no camiño da racionalidade e austeridade no gasto público e dirixida a configurar un novo mapa institucional local que adecúe os entes locais á nosa realidade e permita superar a actual delimitación provincial e ás propias Deputacións provinciais.
- b) Non é a formulación mais acaída nin desde a perspectiva da súa función política, nin da súa racionalidade e eficacia administrativa, nin tampouco da súa adecuación á realidade territorial na que pretende asentarse.
- c) A súa implantación representa unha duplicación do entramado institucional fronte a racionalidade das distintas estruturas da administración existentes.
- d) Representa un incremento na carga impositiva á cidadanía que reside no ámbito xeográfico que abarca.
- e) Non define o necesario traspaso á Área das funcións e atribucións que ten a Deputación provincial.
- f) Non contempla a necesaria autonomía financeira mediante as achegas económicas precisas por parte da administración autonómica nin da Deputación provincial.
- g) Non define dun xeito claro e conciso as competencias que pode desenvolver supeditándoas a un proceso de desenvolvemento futuro.

Polo exposto, o Grupo Municipal do BNG, presenta para aprobación polo Pleno, as seguintes

RESOLUCIÓNS

- 1) Rexeitar de xeito categórico a formulación proposta no Anteproxecto de Lei de creación da Área Metropolitana de Vigo e emprazar ao Goberno galego á súa retirada.



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

- 2) **Impulsar a reforma da lexislación básica en materia de réxime local, de xeito que resida no Parlamento Galego a capacidade plena sobre o deseño institucional e administrativo das entidades locais de Galiza.**
- 3) **Impulsar a instauración progresiva dun novo esquema institucional local que supoña unha redución das estruturas burocráticas, que conterà os seguintes fitos:**
 - a. **Redución das atribucións e funcións das Deputacións Provinciais, mantendo –en tanto non se aborde a necesaria reforma constitucional- exclusivamente as relacionadas coa asistencia a municipios.**
 - b. **Traspaso das funcións e servizos das corporacións provinciais á Administración galega e aos concellos.**
 - c. **Institucionalización definitiva das comarcas e áreas metropolitanas como entes territoriais supramunicipais asumindo a xestión comarcal das competencias das Deputacións Provinciais.**
- 4) **Retomar os traballos desenvoltos ata o de agora para a creación da Área Metropolitana de Vigo mediante a participación de todos os concellos implicados na proposta inicial, e garantindo un proceso de concertación e consenso para acadar a proposta máis acaída para esta área xeográfica.**

O Sr. Alcalde cede a palabra ó **SR. RODAL, PP.**

SR. RODAL, PP.- El área metropolitana de Vigo es una región urbana que se extiende en torno a la ciudad de Vigo, englobando a 14 Municipios, 2 más que el área mancomunada de Vigo, en este caso esos 2 más son Moaña y Cangas, con un total de 480.000 ciudadanos y una superficie de 745 km²; de ellos sólo 109 pertenecen a Vigo, pero sin embargo Vigo tiene una población del 60% del área total metropolitana; el peso demográfico cada vez mayor del área metropolitana reclama para gestionar mejor sus servicios y ordenar el crecimiento de forma conjunta un anteproyecto de Ley del área metropolitana de Vigo en condiciones; este anteproyecto es mucho más ambicioso e incluye más servicios que el anterior (que era cuando estaba gobernando el bipartito, del 2005); primero, reconoce a Vigo como capital del área metropolitana, situándose lógicamente, como debería ser, la sede en Vigo; el área metropolitana de Vigo será un organismo con plena capacidad jurídica y autonómica para el cumplimiento de sus fines.- 3.- Esta área metropolitana de Vigo tendrá inicialmente 14 Ayuntamientos, pero podrá incrementarse ó reducirse este número según múltiples directrices.- 4.-El área metropolitana de Vigo tendrá competencias en promoción, economía, empleo, servicios sociales, turismo, promoción cultural, transporte público, planificación y gestión ambiental, y ordenación territorial.- 5.- El área metropolitana de Vigo se financiará con participaciones municipales, transferencias de otras Administraciones, y distintas subvenciones, europeas sobre todo. Recordar que el Municipio de Baiona cuenta con una población, más ó menos, de 12.154 habitantes, y una superficie de 35 km²., y este Ayuntamiento, así como muchos otros de esta área metropolitana de Vigo, ha colaborado mucho para este anteproyecto 2010 (no el anterior 2005), para que este anteproyecto haya visto la luz gracias al trabajo y esfuerzo de personas como nuestro Alcalde, Jesús Vázquez Almuiña, nuestra Secretaria, nuestra Interventora, que facilitaron siempre la máxima colaboración en todos los datos económicos, tanto pedidos por la Xunta de Galicia, como por la Universidad de Vigo, como se ha comentado antes que han hecho un estudio económico-financiero, para comprobar la efectividad y el buen desarrollo de este ente que es el proyecto metropolitano de Vigo; y todo hay que decirlo: menos Vigo. Como ustedes saben, de los 14 Municipios todos, más ó menos, aportaron sus decisiones, aportaron su información económica, pero Vigo todos saben que no; y eso que el 60% es Vigo.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Resumiendo, alguna de las ventajas que introducirá la creación del área metropolitana de Vigo es la prestación conjunta planificada, además de garantizar el acceso a los servicios de distintas características con independencia del lugar de residencia; será un organismo que agrupe y vele por sus intereses, organizando sus servicios, es un proyecto que debe seguir su curso legal y salir adelante con el esfuerzo de todos nosotros, ó sea, con rigor y con mucho sentido común, como siempre, que esto es lo que hace falta en momentos de crisis; de ahí que pidamos, desde el Partido Popular, el apoyo de todos ustedes. Muchas gracias.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Eu, despois de escoitar a exposición do compañeiro Sr.Rodal, teño que dicir que efectivamente a área metropolitana empezou as súas andaduras polo ano 2000, aproximadamente, e quero recordarlle que foi unha proposta liderada polo BNG estando o noso compañeiro Lois Pérez Castrillo de Alcalde de Vigo, e que sempre tódalas propostas que se levaron adiante nesta materia foron por consenso e consultando a tódolos Concellos e ós membros das Corporacións. Agora mesmo iso non sucede así; como dicía na exposición, se fixo unha presentación moi mediática, moi ó estilo americano, pero que non ten nada que ver coa realidade, é dicir: a inmensa maioría dos concelleiros se enteraron desa exposición como nos enteramos nós: pola prensa. Non podemos aportar nada a esta cuestión porque nin se nos invitou a acudir; é un erro tremendo de alguén que pretende sacar esta cuestión adiante.

En todo caso eu lles convidaría a todos é a que leeran detidamente o documento porque hai cuestións que poden hipotecar o futuro deste Concello; cuestións perigosas para o Concello de Baiona, como tamén para outro Concello que non sexa o de Vigo; e quero recordar aquí máis dunha intervención dalgún concelleiro, entre eles o Sr.Vilar, que en moitas manifestacións sempre mostrou a súa prudencia ante a área metropolitana ou Mancomunidade de Vigo, e con certa razón; non lle solo dar moitas veces a razón pero neste caso sí que lla dou: os Concellos da área metropolitana non teñen que ser satélites de Vigo, e a veces por cuestións partidistas se pode caer nese erro, e nós somos concelleiros do BNG pero por encima de todo somos concelleiros do Concello de Baiona e temos a obriga de defender os intereses do noso Concello. Creo que ahí, tódolos grupos políticos, tódolos concelleiros, deberamos de facer piña.

Aparte de cuestións partidistas, os concelleiros de Baiona teñen que fixarse moi ben nas cuestións que se poidan aprobar ou levar adiante cando se fala, neste caso, da área metropolitana; e eu leín máis ou menos o documento e me preocupa algún artigo, e doulle lectura: "*Art.25.- Comisión de Ordenación do territorio e urbanismo da área metropolitana de Vigo.- Pto. nº 2: A Presidencia da Comisión de Ordenación do territorio e Urbanismo da área metropolitana de Vigo corresponde á persoa titular da , Consellería competente en materia de Ordenación do territorio e Urbanismo ou persoa na que delegue; e a mesma estará integrada por 20 membros ademais do Presidente da Comisión, 10 en representación da Administración da Xunta de Galiza, e 10 en representación da área metropolitana de Vigo; 5 dos cales serán elixidos polo Concello de Vigo*"; ¿e os outros 5, Sr.Alcalde?, ¿somos nós un deles?, ou é que os Concellos limítrofes de Baiona, membros da área metropolitana, van a tomar iniciativa nos temas urbanísticos de Baiona; ¿cómo se come isto?; a min me preocupa, porque no punto nº 3, di: "*Corresponde á Comisión de Ordenación do territorio e Urbanismo da área metropolitana de Vigo: a) a aprobación definitiva dos Plans Xerais de ordenación municipais*"; é dicir, que a aprobación definitiva teñen que aprobála os Concellos limítrofes; e a min se me veñe á cabeza, novamente, unha macrodepuradora en Silleiro; que nos calcen unha macrodepuradora en Silleiro para resolver os problemas de Vigo; ¿que agora xa é máis difícil?, sí, porque agora xa está feito o que está feito, e se vai a facer en Vigo o que se vai a facer; pero tómenlo como exemplo, nada máis, simple exemplo. Dende logo, eu, neste punto me mediría, porque ao mellor temos un problema o día de mañá; ¿vamos a ser membros nós da Comisión de urbanismo e vamos a mandar no urbanismo de Gondomar, de Nigrán, de Fornelos de Montes, de Cangas, de Vigo, ou van a mandar os outros na nosa?, é un arma de dobre fio; polo tanto, ollo; o volvo a repetir: os concelleiros de Baiona deben facer piña arredor da área metropolitana e olvidarse de temas partidistas e mirar moi ben o que se vai a aprobar. Esta é a miña primeira exposición; o resto xa o leín, creo que está claro; hai máis materia que debater pero inicialmente me quedo ahí.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

SR.LORES, PSOE.- A área metropolitana de Vigo parece que nestes últimos tempos reavivou un pouquiño o debate e as reflexións dos Concellos e tamén da Xunta, e nós tamén tiñamos outra moción pero como ven sendo habitual non solemos presentar, pero sí vamos a participar no debate. O que nos preocupa é que este tipo de mocións, como comentaba o compañeiro do BNG, se centren máis en posturas partidistas, incluso a veces con directrices máis alá do noso Concello ou da nosa área metropolitana. Entendemos que dende Baiona non nos corresponde a nós aprobar nin rexeitar un proxecto de área metropolitana pero si buscar aqueles puntos que creamos que deben ser potenciados ou aquilo onde todos poidamos estar de acordo. Os case 500.000 cidadás da área metropolitana piden nestes momentos ós responsables políticos sensatez e sobre todo sentido común. O Partido Socialista ten mocións, ten alegacións, e tamén ten un proxecto alternativo ó presentado pola Xunta de Galicia; hai cousas importantes que diferencian a un proxecto de outro; fundamentalmente son a financiación, a elección do Presidente, as competencias (o teito competencial é distinto), cómo se adoptan as competencias dos distintos Concellos á área metropolitana. Na financiación está claro que a proposta do PSOE non leva consigo ningún tipo de novos impostos, como pode ser o IVI, e fai alusións claras ás aportacións municipais e ás aportacións doutras Administracións como son a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial.

Na elección do Presidente o proxecto da Consellería da Xunta faílo dunha forma máis simple que na Xunta de Goberno por maioría absoluta, en cambio o proxecto do PSOE faílo de tal xeito que ningún Concello poida ter a maioría para elixir ó Presidente; así, faise por unha elección ponderada, por número de habitantes, e se necesitarían sempre os dous tercios dos votos para que unha persoa pase a ser Presidente/a da área metropolitana. En canto ás competencias, o Sr.Rodal leeu algunhas, e por parte do PSOE hai algunhas máis como a Policía Local, Medio Ambiente, etc..

Unha parte importante é que no proxecto do PSOE calquera competencia que a área metropolitana absorba do Concello ten que ser aprobada antes no Pleno dese Concello; polo tanto tódalas competencias que un Concello remita á área metropolitana sempre van a pasar antes polo Pleno dese Concello e pode haber ahí un debate, iso dalgunha forma garantiza a independencia municipal. Esas son en grandes rasgos as diferencias entre un e outro; pero tamén hai moitas afinidades; creo que estamos todos de acordo en que a este nivel nos debemos centrar e que tódolos grupos estamos a favor de impulsar esta área metropolitana, que tódolos grupos estamos porque se abaraten os custos, e tamén por suposto, é unha reivindicación dos cidadás, de que todos aqueles servizos que se poidan mancomunar van por un lado a mellorar o servizo e por outro van a reducir gastos, polo tanto é de sentido común que estas cousas se fagan. Deberíamos centrarnos nos temas máis xenéricos como son propor e apoiar a creación desta área metropolitana sen entrar no debate dunha ou doutra porque iso lle corresponde ó Parlamento Galego.

Polo tanto eu aquí pediría o consenso de tódolos grupos e mandar unha moción consensuada onde claramente o Pleno de Baiona se postule a favor desta área metropolitana; e de feito, creo que onte, o Director Xeral de Administración Local dicía que se van a aceptar como pouco o 90% das alegacións; polo tanto, o texto que agora se presenta por un lado e por outro, vai a ser outro distinto; supoño que o Sr.Vilar quererá falar de algo máis concreto, de que nos pode afectar ó Val Miñor, pero debe ser él quen faga a súa exposición.

SR.VILAR, CMÑ.- A verdade é que a min me sorprende que aquí se presentaran dúas mocións partidistas; unha do PP, que a presenta pola súa conta e risco, non contou con ninguén; e outra do BNG. Dende o noso punto de vista este tema é moi preocupante, se pode converter en algo irreversible contra os intereses de Baiona; e lles falo coa maior obxetividade; teñan en conta que eu fun o primeiro Presidente da área intermunicipal de Vigo, que actualmente segue sendo Mancomunidade Intermunicipal de Vigo, e fun porque Baiona, pola "b", era o primeiro Concello. Me tocou presidir durante todo o período constituínte e logo, unha vez que se constituíu, xa con carácter rotatorio, durante bastante tempo.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

A Mancomunidade da área intermunicipal de Vigo que actualmente está funcionando, funcionou bastante ben cando a Presidencia era rotativa; isto permitía unha certa igualdade entre o Concello de Vigo, que é un macro-Concello, e os Concellos periféricos, que dalgún xeito eran os que ían templando todo o tema; pero o feito de que Vigo sexa o Concello con máis habitantes non quer dicir que sexa o que teña o maior valor estratéxico, porque hoxe en día non podemos esquecernos de Concellos como O Porriño, cun parque industrial importante, de Salvaterra de Miño, coa futura área, ou de Baiona a nivel turístico, co que representa ser o primeiro Concello de Galicia que tivo a distinción de Excelencia Turística e que dentro da Mancomunidade de Vigo é o Concello que máis arrastra a nivel turístico; por certo, o outro día mirei un espectáculo: se fixo unha presentación de Turismo na área de Vigo e Baiona quedou relegada como se fora un Concello máis, como se fora Soutomaior, ou Redondela, iso non pode ser; a min me fixo moi pouca gracia ver como marxinaban a Baiona nun tema tan importante, polo menos a nivel mediático, de medios de comunicación; non sei se logo, na práctica, lle deron algunha distinción especial a Baiona, porque qué dúbida cabe que Baiona ten máis potencial turístico que toda a área de Vigo; polo tanto nós non somos uns máis dentro da área de Vigo nese aspecto.

Falando do tema da Presidencia, dicir que a Comunidade Europea ten unha Presidencia rotativa; estamos falando de algo tan importante como é a Comunidade Europea, e non pasa nada; e aquí dá a impresión de que o Presidente ten que ser o Alcalde de Vigo. Despois daquel nefasto acordo entre o Alcalde de Porriño, Sr.Barros, e o Sr.Manuel Pérez, que suprimiron o tema da Presidencia rotativa e lla deron permanente ó Concello de Vigo, a partir de aí a área pegou un retroceso extraordinario de tal maneira que se chegou a que Vigo defendera seus intereses contrapostos cos do resto; incluso nin convocaban Plenos para celebrar este tema da área metropolitana. Tamén quero recordar que sí houbo Alcaldes de Vigo que actuaron doutra maneira, como o Sr.Pérez Castrillo, que sí é certo que foi un home que mantivo durante sua etapa un espírito bastante constructivo, e non outros dos partidos maioritarios que foron en contra dos intereses da área.

Baiona é moi apetecible por Vigo, e o Val Miñor tamén; que dúbida cabe que os Concellos do Val Miñor, que temos unha mancomunidade natural, temos que ter tamén un peso específico dentro da propia área metropolitana, iso ten que estar regulado; Baiona, Nigrán e Gondomar, teñen que estar unidos porque se xogan moito neste proxecto.

Como dicía o Sr.Fernández, claro que é preocupante que nunha Comisión de urbanismo non haxa un representante de Baiona, claro que é preocupante; eu prefiro depender da Xunta e non da área metropolitana, neste caso.

Polo tanto, sen estar en contra da área metropolitana de Vigo, sen estar en contra, porque sería absurdo que nós estiveramos en contra e máis quen lles fala porque fun o primer Presidente da área intermunicipal de Vigo, pero si estamos moi preocupados porque Baiona poida saír perxudicada. Nós non estamos de acordo en que a Deputación teña que cederlle competencias á área, porque nós temos un contacto directo coa Deputación e non nos vai mal nese aspecto, e incluso con moitas competencias que temos coa Xunta de Galicia; se nós podemos resolver directamente coa Xunta de Galicia tampouco nos ten porque ir mal nese aspecto, porque ó final non deixará de ser máis burocracia dentro dun novo organismo que é a área metropolitana.

E non falemos do tema do transporte; ultimamente había un proxecto de interés galego sobre este tema e Vigo deulle atrás porque ten un transporte municipal e querían facer a Baiona pagar máis que Vigo, porque Baiona se consideraba un Concello que aportaba Vigo e tiñamos que aportar cartos nós; en cambio, se viñan os de Vigo utilizando ese transporte a Baiona, por ser un Concello turístico, eles non tiñan que aportar; é dicir, que a nós nos custaría máis caro o transporte que a outros Concellos.

Todo isto a min me preocupa seriamente; penso que tanto o PP como o BNG terían que deixarse de presentar mocións partidistas e ler cal vai a ser o proxecto serio que vai a ir adiante. Con relación a ese proxecto o Pleno do Concello de Baiona teríamos que facer unha moción conxunta (en iso estou de acordo co plantexado polo PSOE) na que nós poidamos aportar o que nos interesa para Baiona. Repito: eu non coñezo ese proxecto ó detalle, habería que estudialo con informes xurídicos e técnicos, e nós facer propostas concretas; e que esas propostas concretas, coa unanimidade do Pleno de Baiona, saíran á luz, saíran ós medios de comunicación, e que os



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

nosos veciños se enteraran do que queremos, porque podemos meternos nun camiño complicado; aquí dá a impresión de que hai un debate entre o Sr.Caballero, que quer un área para Vigo, él, de maneira personalista; e a Xunta de Galicia, que agora como está gobernada polo PP quer outro proxecto; e loxicamente nós debemos escapar dese tema. Temos que defender o interés do noso Concello, e repito: esiximos e solicitamos que a Presidencia sexa con carácter rotativo, xa que os Concellos da propia Mancomunidade crecen máis que Vigo demográficamente; Vigo non é un Concello residencial, é un Concello inhóspito en moitos aspectos e fai que a xente se veña para aquí. En canto ó Turismo, en Baiona ten que estar a sede permanente, a Ponencia de Turismo; Baiona ten que liderar ese tema, e o Alcalde de Baiona, ou Concelleiro de Turismo, ten que ser o Presidente desa Comisión; ¿porqué?, polo que representa o potencial turístico de Baiona.

Terceiro: a Mancomunidade do Val Miñor ten que ter personalidade xurídica propia dentro da futura área intermunicipal de Vigo polo que representan Baiona, Nigrán e Gondomar; e se nós estamos unidos defenderemos os nosos intereses ante Vigo con moita máis forza; é inconcebible que o proxecto de transporte que tiña a Xunta, de Nigrán a Vigo e de Gondomar a Vigo era un prezo porque estaban limítrofes, e Baiona tiña que superar outro escalón máis porque tiñan que pasar por Nigrán e por Vigo e duplicada, e triplicaba, o prezo do billete; cando se nos consideraran unha mesma unidade a Baiona, Gondomar e Nigrán, o prezo do transporte Vigo-Baiona sería moito máis económico.

Non sei si será moi precipitado, hai un prazo, pero me gustaría que se teñan en conta estas consideracións que repito que son mínimas, podería haber moitas máis, e se debería facer un acordo de unidade de todo o Pleno porque o tema é moi interesante e moi importante, porque estamos falando de algo que vai a cambiar a estrutura administrativa da área metropolitana; por exemplo, imaxinemos que en materia de urbanismo a área metropolitana tivera que informar o futuro Plan Xeral de ordenación de Baiona, ¡outro escollo máis! porque Vigo podería dicir "non, Baiona está ben como está; nós temos que crecer máis aquí, polo tanto seu desenrolo nos parece desorbitado"; é un tema moi serio e creo que Baiona ten que facerse oír. O Alcalde de Baiona é unha persoa sensible, con gran capacidade de razoamento e terá estes mesmos intereses, e se dará conta do que fago aquí eu non é atacar nin ó PP nin ó BNG (que presentan a súa moción de cicloscyl); supoño que esta moción do PP a terán tódolos partidos da zona, ó mesmo que a do BNG, pero os nosos intereses teñen que ser outros e ahí coincido co portavoz do PSOE: sería bo facer unha moción conxunta. O tema é moi serio porque vai a cambiar a estrutura; nós non estamos en contra pero creo que temos moito que dicir neste asunto. Moitas grazas.

SR.ALCALDE. - Creo que precisamente o feito de traer aquí mocións é bo para discutir entre tódolos concelleiros de Baiona. Pola nosa parte estamos dispostos a aceptar propostas; creo que o Sr.Vilar o expresou bastante claramente, aínda que poderemos concretar; ó Sr.Lores entendílle unha moi concreta e creo que razoable, cando fala de que as competencias deben ser aprobadas polo Pleno do Concello correspondente.

Podemos falar dunha moción xenérica, de aceptación, como dicía o Sr.Lores, e despois concretar aspectos para que sexan tidos en conta no debate parlamentario.

Sobre o tema do Urbanismo, vexo que teñen moita preocupación tanto CMÑ como BNG, quero recordarlles que neste momento a aprobación definitiva dos Plans Xerais, que é o que preocupa, é da Xunta de Galicia, é de Santiago. Eu non podo saber quen discute o planeamento de Baiona ou de calquera outro Concello; firma a Directora Xeral, pero dende logo nós non intervimos para nada; nós enviamos o documento e alí se aproba. Neste caso (non nos enganemos) segue sendo a Xunta de Galicia quen aproba; a diferenza é que ten maioría, ten 10 máis, co Presidente son 11, e nós temos 10, os Concellos, 5 de Vigo, de acordo, pero nunca os Concellos poden variar a vontade da Xunta, ou sexa: a Xunta vai seguir aprobando como ata agora o planeamento. ¿Cál é a ventaxa?, que vamos a ter interlocutores de defensa do planeamento nesa discusión, pero non podemos enganarnos porque a aceptación final vai ser da Xunta, non do Concello de Vigo. Ten un razoamento, que ata agora tamén se plantexaba, que os Plans Xerais tiñan que ser remitidos ós Concellos limítrofes para que informaran, é dicir, si estaban de



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

acordo, si eran congruentes ou senón o eran, pero a aprobación definitiva segue sendo da Xunta; a ventaxa neste aspecto é que vamos a estar representados os Concellos nesa discusión aínda que ó final sexa a Xunta a que decida.

Outra cousa que quero plantexar é que en decembro do 2004 os partidos que naquel momento estabamos representados no Concello votamos (de feito hai moitos concelleiros que estaban naquela votación), e o que votamos por unanimidade era un documento incluso máis limitado co actual, con menos competencias; dende logo non se plantexaba que desaparecera a Deputación, non se plantexou en ningún momento, e foi aprobado por unanimidade; o que quero dicir é que non entendo moi ben o xiro, sobre todo do BNG, nese aspecto; é dicir ¿qué cambia en negativo para que este documento, con melloras, que podemos plantexar entre todos, non poda ir adiante e haxa que rexeitalo si é mellor que o que votamos todos no 2004?, non o entendo; pode ser porque naquel momento estaba impulsando ó inicio Lois Pérez Castrillo, e de feito o Bloque neste sentido tivo un cambio radical no último mes porque eu estiven reunido con Alcaldes do BNG e estabamos nunha liña similar: estabamos en contra de que se convertira nunha área so de Vigo, porque a proposta do PSOE, a proposta de Abel Caballero, se centra sobre todo en que ten que ser él, él, e él; e o Alcalde do BNG (concretamente de Salceda de Caselas) cando estivemos reunidos estaba a favor dunha área metropolitana no mesmo aspecto que nós; que no futuro, haxa ou non haxa cambio constitucional, nos adaptaríamos como en calquera cousa, pero neste momento é o que hai; non parece que sexa malo que haxa unha área metropolitana que teña potencia, que teña coordinación, etc., iso é o que votamos no 2004 e este documento loxicamente o mantén. Polo tanto nós estamos de acordo en aceptar as alegacións e precisamente se alargou o prazo de presentación das mesmas para que puideramos ter no Pleno unha discusión deste tipo.

Se vos parece ben, neste segundo punto que cada grupo presente algunha puntualización concreta, se o cree convinte, e poderemos votar nese sentido.

SR.LORES, PSOE. - En principio nós somos máis optimistas que o Sr.Vilar con respecto a Baiona na área metropolitana; entendemos que esta nova estrutura vai a favorecer a Baiona, de entrada; ou así queremos pensálo. Estamos nunha fase, como decía antes, de sensatez e de sentido común, porque o que agora se decida vai a condicionar o futuro dos distintos Concellos. Pero creemos que ésta é unha boa iniciativa e que Baiona, se as cousas se fan como entendemos que se van a facer (que para iso xa temos ós parlamentarios no Parlamento Galego traballando, e parece que as cousas non van mal entre os distintos grupos), que se as cousas se fan con sensatez, sairemos todos fortalecidos con esta nova estrutura.

En canto ó que se fala da Deputación, en ningún momento o Partido Socialista plantexa a substitución, a desaparición, da Deputación de Pontevedra; o único do que falamos é da financiación, a nivel de financiación, nada máis.

O que comentaba o Sr.Vilar de que Baiona debe ter certa relevancia, creo que sí, que é bó que dende Baiona digamos que a nivel turístico Baiona é dalgunha forma o "buque insignia" desta área metropolitana; polo tanto nalgún momento, ou antes ou despois da aprobación do documento, débese facer constar que Baiona debe ser quen dalgún xeito lidere, e de feito tamén somos o único Concello que ten un Organismo Autónomo de Turismo nesta área metropolitana; xa de por si o propio Pleno de Baiona dálle ó Turismo unha relevancia que hai que trasladar despois á área metropolitana.

Sobre a Mancomunidade do Val Miñor eu non quero ser pesimista pero dáme a impresión de que ten tódolos números para desaparecer e polo tanto nós debemos dicir que aquí existe xa outra estrutura, que se estudie e se valore como van a quedar estes 3 Concellos nesa estrutura, porque unha das cousas que se pretende con esta área metropolitana é evitar a duplicidade de Administracións, evitar un aumento da burocracia, evitar o aumento de custos administrativos; polo tanto dá a impresión de que a nivel de xestión a Mancomunidade do Val Miñor pode ter os días contados; dicir aquí o contrario é enganarnos a nós mesmos; por elo debemos, polo menos, plantexar que esta é unha estrutura que xa existe e falar déla para ver cómo vai quedar, e que sería importante para Baiona, Nigrán, e Gondomar; temos que saber que vai a ocorrer coa nosa Mancomunidade na que por fin conseguimos estar os 3 Concellos.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

En canto á Presidencia, en principio a proposta do Sr.Vilar de que sexa rotativa a mín non me parece axeitada, porque non é o mesmo unha Mancomunidade cunha área metropolitana; a área metropolitana debera ter xa unha capacidade de xestión e decisión importante; polo tanto entendo que o que hai que buscar é o mellor sistema de elección do Presidente, que garantice que o Concello (dentro do posible) teña cos seus votos a posibilidade de elixir ó seu Presidente, pero que debe ser elixido, porque ó final vai a ser quen presida; é como se dicimos que aquí a Alcaldía ten que ir rotando por todos; eu entendo que ten que haber unha correlación democrática onde se debe votar.

Nos outros 2 puntos, tanto no do Turismo como no do Val Miñor, como xa dixen creo que si que é oportuno que Baiona se pronuncie.

Unha das cousas que dicimos é que calquera competencia que se delegue á area metropolitana, dos Concellos, ten que pasar antes e ser aprobada polo Pleno do Concello; que de por sí a área metropolitana non poida absorber unha competencia dun Concello concreto.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Fixen inicialmente unha exposición e quedáronme moitas cousas no tinteiro. Con respecto ó resto do anteproxecto, efectivamente aquí hai moitas cousas máis, como é o tema do Urbanismo, coas que non estamos de acordo. O tema do transporte, das comunicacións, dos viais, que intercomunican tódala área metropolitana, é unha cuestión que debera acometerse dende a propia área metropolitana, coa importancia que iso ten; con tódalas áreas nas que esta área metropolitana tería competencias, en todas elas, nós efectivamente si vemos que existe unha duplicidade coa Deputación Provincial; porque si estamos agora mesmo nun momento de crise no que dende o goberno de Baiona e dende o Goberno de Galiza se está criticando ao Goberno do Estado en que existe duplicidade nos Ministerios, con competencias xa delegadas nas Comunidades Autónomas, non é de recibo que agora mesmo se pretenda facer un ente como é a área metropolitana, co que nós estamos de acordo porque como dixen ao principio dende o ano 2000 lideramos esta opción, é dicir, nós non estamos en contra da área metropolitana (e se alguén me entendeu mal seguramente foi porque me expliquei mal), senón que estamos en contra deste anteproxecto tal e como se reflexa aquí; todo o contrario: estamos a favor da área metropolitana e por iso levamos pelexando con ela dende fai 15 anos; levamos pelexando e sempre dixemos a mesma cuestión (non é novo o que dicimos agora): non pode haber duplicidade de Organismos e duplicidade de burocracia; é dicir, se as competencias nunha área están nunha área metropolitana non poden estar na Deputación; non, porque iso sería duplicar gastos, duplicar burocracia, e duplicar absolutamente todo; iso non tería sentido ningún, e os veciños, os cidadás, non o entenderían. Polo tanto se vamos vaciando de contido ás Deputacións provinciais, loxicamente teñen que desaparecer; non ten sentido ningún que existan áreas metropolitanas e Deputacións; terá que haber un tempo de traspaso de competencias e de adaptación para que isto suceda; pero deberá ser así porque senón non terá sentido ningún.

Outra cuestión é que de non ser así, isto, da maneira que está reflexado no anteproxecto, gravaría os bolsillos dos cidadás; e o pon creo que no artigo seguinte, no art.26; gravaría o bolsillo dos cidadás. Polo tanto todas estas cuestións deben de ser limadas, superadas, e debera de haber un consenso na maioría do posible para chegar a un acordo en canto á área metropolitana porque senón é que a área metropolitana vai a durar o que vai a durar, non vai a durar máis; ten que haber consenso entre tódalas Corporacións e entre tódolos grupos políticos. Falaba o Alcalde de que é un documento mellor; home, mellor visto dende o seu punto de vista político; dende o noso non. Efectivamente, o compañeiro Marcos, o Alcalde de Salceda, estivo nesa xuntanza, pero seguramente que vostede non dixo ningún dos matices que él lle puido haber nomeado; porque si que hai matices que nomear, é dicir: estamos de acordo en que haxa área metropolitana pero non co proxecto que nos presentan porque hai que matizar moitas cuestións, moi importantes ademais; entre elas falabamos do Urbanismo. Decía o Alcalde: "si, é que a Xunta sempre ten a sartén polo mango", sí, iso foi o que máis ou menos quixo dicir; quen aproba neste caso sería, si está delegada, a Comisión de Urbanismo; e na Comisión de Urbanismo hai 10 máis 1, que é a maioría absoluta; pero hai unha cuestión clara: os membros



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

da Xunta, os membros dos Concellos, teñen cor político; polo tanto, se hai cor político hai decisións políticas que poden ser a favor ou contrarias ós nosos intereses.

SR.ALCALDE.- Sí; o Plan Xeral de Vigo foi rexeitado cando era Alcaldesa Corina Porro e aprobado ó mes seguinte sendo Alcalde Abel Caballero.

SR.FERNANDEZ, BNG- Pois pídalle responsabilidais a quen as ten; pero non mo diga a mín.

A exposición que fixo o Sr.Vilar me pareceu moi ben; xa lle dixen dende o principio; o que pasa é que agora cando o estaba escoitando pensei "este home ten un pé aquí, e outro alá"; a cuestión está confusa; faltan 4 meses e está cun pé aquí e co outro alá. Nos entendemos perfectamente; non obstante eu cando preguntei no último Pleno polos orzamentos, por algo era, Sr.Vilar; ía todo unido.

Efectivamente, nós temos que falar de Baiona, evidentemente; hai cuestións como que Baiona non pode permitirse o luxo de estar marxinaada; o Sr.Rodal ten que facerse valer; tense que facer valer cando está de Concelleiro de Turismo nunha Comisión dese tipo, ou en calquera acto dese tipo, porque Baiona ten que liderálo, non hai máis.

Polo tanto, como lle dicía ó principio, Baiona na área metropolitana non pode ser un satélite de Vigo; non pode sélo; ten que ter unhas condicións e unhas aspiracións propias e ten que defender o que ten que defender, por encima de calquera partidismo. Vostede dicía que a nosa Moción era partidista; home, eu non o vexo así, pero ao mellor si; se vostede di que si pois díganos en qué puntos é partidista e poderemos explicálo; pero en todo caso, o que sí é certo é que a nós en coherencia non nos gana ninguén; poden igualarnos, pero ganar non nos gana ninguén; e dende o ano 2.000 seguimos defendendo o mesmo; e cando estaba o Sr.Castrillo liderando este tema houbo consenso; esa é a realidade; e ao mellor había matices que había que resolver tamén; pero houbo consenso e se consultou con todo o mundo, cousa que agora non se fai. Polo que oín aquí, ao mellor pódese chegar a unha moción de consenso, previa Comisión e previo debate, pódese chegar, e ao mellor é unha boa solución; é unha vía de entrar nunha liña para defender os intereses de Baiona por enriba dos intereses partidistas; polo tanto queda ahí, no aire, e que colla o guante quen o quera coller; eu penso que é unha boa proposta e ao mellor poderíamos tirar por ahí.

SR.ALCALDE.- Xa comentamos antes: alegacións concretas que poidamos valorar entre todos; pódense aportar. O Sr.Vilar as deixou claras; o Sr.Lores tamén; se o Sr.Fernández, do BNG, ten alegacións concretas, pois tamén as valoramos.

SR.FERNANDEZ, BNG- Creo que o máis prudente sería convocar unha Comisión e falalo; e discutilo; porque así "a bote e pronto", e agora., se trata de traer unhas cuestións de mínimos e dicir "nós estamos dispostos a apoiar unha moción neste sentido".

SR.ALCALDE.- O debate é suficiente; está estudado por todos nós e isto é claro; creo que cada un ten que ter as alegacións concretas que interesen, ou non; pode ser un rechazo total e non hai nada que facer.

SR.FERNANDEZ, BNG- Creo que este é un documento o bastante extenso como para falalo e mirar a ver cales son esas cuestións mínimas, porque para nós aquí hai cuestións insalvables.

SR.ALCALDE.- Pola nosa parte non vamos a deixar o tema encima da mesa porque temos o prazo que temos, non podemos estar retrasando.

SR.VILAR, CMÑ.- O grupo municipal CMÑ temos 3 propostas. A primeira é que a Presidencia da Mancomunidade sexa con carácter rotatorio; nós creemos que o importante é ter un bo servizo técnico e xurídico na Mancomunidade pero a Presidencia tiña que ser con carácter rotatorio, e de feito xa foi así e dende o noso punto de vista foi moito máis positiva e faría que tódolos Concellos se sentiran importantes. Segundo: que en materia de Turismo Baiona sexa a sede da



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

ponencia e a que presida a Comisión, xa que é o único Concello da Mancomunidade que ten por parte do Estado español a distinción de Excelencia Turística, e ademais foi o primeiro de Galicia. Tercera cuestión: que as mancomunidades constituídas dentro da área metropolitana, como é a do Val Miñor, teñan ou manteñan o recoñecemento xurídico que actualmente temos.

SR.RODAL, PP.- Decir, con todo mi respecto al Sr.Vilar, que claro que Baiona ha sido el primer Municipio de Galicia en ser reconocido de interés turístico; yo el otro día representé al Alcalde, porque él no pudo asistir, a la presentación del nuevo Plan estratégico y turístico en Vigo, del área mancomunada de Vigo, de los 12 Municipios, y en este caso sí tengo que hablar a favor del Sr.Abel Caballero porque nos trató muy bien a los representantes de cada municipio; estaba el Alcalde de Nigrán; yo, representando a Baiona; el concejal de Sotomayor, y el concejal de Redondela; nos dejaron intervenir a todos y creo que el trato que nos dieron es el que corresponde. También estoy de acuerdo, y soy concejal de Turismo, en que Baiona tiene un papel mucho más importante a nivel turístico que otros municipios; de hecho; creo que entre Baiona y Vigo tenemos en el área metropolitana el 90% de los establecimientos hosteleros; tanto en el área metropolitana como en otras Instituciones en las que estamos.

Me pareció entender que el Sr.Lores pensaba que podía desaparecer la Mancomunidad del Val Miñor, ahora estamos los 3 municipios, y ojalá que sigamos los 3, pero yo creo que hay mucha disponibilidad de los políticos que están allí, en este caso representa Teresa, pero dentro de poco habrá unas elecciones y creo que los proyectos sí que hay que hacerlos en esos 4 años; nos pasa lo mismo con las Villas Marineras, Baiona está dentro de las Villas marineras, somos 17 municipios de la cornisa cantábrica o atlántica, y también estamos un poco en stanbay (aparte por la crisis) esperando a las elecciones porque puede haber cambios políticos, entonces haremos un Plan estratégico para 4 años; entiendo que la Mancomunidad debiera hacer lo mismo, como tenemos que hacerlo en el Ayuntamiento el equipo de gobierno que gane esas elecciones.

Imagino que ustedes habrán leído todo el anteproyecto, 36 páginas; en la pág.35 dice: *"Prazo de asunción das competencias enumeradas na presente Lei. - No prazo de dous anos dende a entrada en vigor da presente Lei, os Concellos integrantes da Area Metropolitana deberán decidir expresamente sobre a transferencia, delegación ou encomenda das competencias enumeradas na presente Lei"*; hay un plazo de 2 años.

Estamos de acuerdo en que Vigo juega un papel vital dentro del área metropolitana, porque además es el área metropolitana de Vigo, y como he dicho anteriormente el 60% de la población, de estos casi 500.000 habitantes, están en Vigo; pero dentro de los miembros del gobierno habrá una Asamblea metropolitana que van a ser 47 miembros, de ellos 18 de Vigo y 29 del resto de municipios, o sea que Vigo ahí no va a tener mayoría; en nuestro caso, como es por habitante, serán 2 de Baiona, porque estamos entre 10.000 y 15.000 habitantes.

En cuanto a lo del Presidente, estoy de acuerdo con Manolo Vilar: tendría que ser rotatorio.

En el tema de la Junta de Gobierno metropolitana, estará formada por 14 miembros, Presidente y cada uno de los Alcaldes, o sea que estará Abel Caballero y también cada uno de los Alcaldes de los otros 13 municipios.

En el Comité de Cooperación estarán 2 representantes de la Xunta de Galicia, 2 representantes de la Diputación de Pontevedra, y 2 representantes del área metropolitana de Vigo.

La Comisión Especial de Cuentas estará constituída por miembros de los distintos grupos políticos integrantes del área metropolitana; estarán todas las fuerzas políticas; por lo tanto creo que Vigo, aunque juega un papel importante, no es decisivo.

Comentarle al Sr.Fernández, que en su exposición de motivos, en el punto 4º nos piden: *"Retomar os traballos desenvolto ata o de agora para a creación da Área Metropolitana de Vigo..."*; pues eso es lo que haciendo ahora la Xunta, simplemente es eso; lo que se ha hecho es retomar el proyecto del bipartito (que hicieron lo que pudieron en su momento, en el 2005) y mejorarlo, ya que estuvo empantanado en ese mandato durante 4 años; y la Xunta actual lleva solo año y medio.

El área metropolitana de Vigo será lo que los Ayuntamientos que la integren desean que sea, ni más ni menos; estamos ante una oportunidad única tras casi 20 años de paralizaciones



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

continuas. Creo que todos estamos por la misma idea, con las alegaciones que se han dicho, y que deberíamos tomar hoy una decisión sobre este anteproyecto, que no estamos hablando del proyecto definitivo. Muchas gracias.

SR.ALCALDE.- Entre las alegaciones que tenemos presentadas está la Presidencia rotatoria del área metropolitana; nosotros lo que estamos haciendo ahora es presentar alegaciones para que en el debate parlamentario se discutan. De hecho la Mancomunidad de Vigo ya tuvo la Presidencia rotatoria; creo que para discusión no está mal, en ese sentido me parece que puede ser acertado para debate, y luego, en ese debate, se verán los pros y los contras. Cuando el Presidente es el Alcalde de Vigo influye mucho el interés personal, y también es cierto que si no hay interés se deja dormir; si hubiera personas diferentes seguramente habría un estímulo adicional que podría dar más vida a lo que es la Mancomunidad; eso no quiere decir que la sede central esté en Vigo.

Lo segundo que se planteaba aquí por CMÑ era el tema del Turismo; sinceramente creo que podríamos dejar un poco este tema porque ahora mismo no figura que haya una Comisión de Turismo en ese planteamiento; pero sí estaremos de acuerdo en decir que se tenga en cuenta a Baiona como referencia en esa área, por ejemplo: que en cualquier cosa que se haga sobre Turismo Baiona sea un poco el centro.

En cuanto al tema de la Mancomunidad del Valle Miñor, yo establecería que se estudiara la continuidad de los Concellos de Nigrán, Gondomar y Baiona, a dicha Mancomunidad; que se estudie la compatibilidad de la Mancomunidad del Valle Miñor dentro del área metropolitana, sin solapamiento de competencias; que se constituya una Comisión de Turismo y que Baiona sea sede para celebración de sesiones; peso de Baiona en el área metropolitana en cuanto a Turismo.

SRA.SECRETARIA.- Nunca puede haber solapamiento de competencias; si cedes una competencia a una Administración no puedes prestarla simultáneamente; eso no se permite. Las competencias tendrían que ser distintas; nosotros, por ejemplo, en la Mancomunidad del Val Miñor, tenemos Protección Civil, no se prevé esa delegación de competencias a favor del área metropolitana. Creo más favorable para los municipios de la Mancomunidad del Val Miñor prestarlo mancomunadamente que de forma individual por cada Concello porque sería mayor gasto a asumir para cada Concello.

SR.VILAR, CMÑ.- Pero no es solo eso, sino el funcionamiento de la piscina, actividades deportivas, playas.

SRA.SECRETARIA.- Claro, las funciones que desarrolla la Mancomunidad son compatibles con el área metropolitana, no se superponen, son distintas.

SR.ALCALDE.- El ejemplo que puso la Secretaria es muy bueno, es decir, por el momento el área metropolitana no contempla el tema de playas, socorristas, pero a nosotros como Ayuntamiento nos interesa hacerlo mancomunado y no solos; por lo tanto la Mancomunidad tiene sentido mientras esas competencias no se dupliquen.

SR.VILAR, CMÑ.- Tenemos un camión mancomunado del servicio eléctrico para Baiona y Gondomar que fué gestionado a través de la Mancomunidad de Vigo.

SR.ALCALDE.- Antes ponía Angel otro ejemplo: que estamos dentro del club de Villas marineras; es decir, el hecho de estar en un área metropolitana ó en alguna estructura no implica no poder estar en otra. Lo que hay que tener claro es que no podemos solapar competencias; que no estamos dando doble servicio. Se trata de recordar que tenemos una Mancomunidad y que ya tiene una serie de funciones; habrá que ver cuáles entran dentro del área metropolitana y cuales no.



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

Se está elaborando agora un Consorcio provincial para el tema de emergencias, y ¿qué va a pasar?, pues que lógicamente, en esa estructura actual, no las llevaría el área metropolitana de Vigo sino que las llevaría este Consorcio.

Creo que está bien la indicación de que "se estudie esa compatibilidad con competencias diferentes".

SR.FERNANDEZ, BNG.- Estase vendo claramente que isto tería que tratarse nunha Comisión; non é para tratar nun Pleno tal e como o estamos facendo; acaba de dicir vostede, Sr.Alcalde, unha cousa moi importante, a copiei literalmente e a repito porque é importante e xa o dixen eu antes; dixo, con respecto á Mancomunidade e á área metropolitana: "que non teñen sentido mentres que non se dupliquen"; iso mesmo dixen eu con respecto ás Deputacións, é dicir: a Deputación chega un momento que vai a quedar sen contido, e estamos duplicando moitas cuestións que non se deberan de duplicar; iso significa que o que se vai a duplicar van a ser os custos. Nós non estamos de acordo con estes plantexamentos que están facendo nin en cómo se está desenvolvendo agora mesmo o Pleno e creemos que debiera haber unha Comisión, e ao mellor habería consenso. Estamos entendendo que tanto CMÑ como o PSOE aceptan as cuestións que poñen no anteproxecto de Lei no referente ó tema das Deputacións e da Comisión de Urbanismo, na cal estaremos néla, ou non, porque nas alegacións que vostedes presentan ningunha fala nin do tema das Deputacións, da duplicidade de competencias, nin do tema de Urbanismo; ninguén presenta alegacións ó respecto, polo tanto entendo que asumen eses apartados.

SR.ALCALDE.- Sr.Fernández, non sexa Caperucita e o Lobo feroz; vou a comentarlle que no anteproxecto dí que: "Cando Concello, Deputación, ou a propia Xunta de Galicia, decida delegar unha competencia, non poderá seguir prestando ese servizo", iso é o que estamos dicindo todos; o que non queremos é que haxa dous ou tres organismos e se dupliquen os servizos; as competencias deben estar establecidas nun único apartado, que agora mesmo, por certo, tal como está organizado, non.

O BNG neste momento é como si quixera modificar a Lei Sálica da Constitución a través dunha moción do Concello; dicir "vamos a modificar a Constitución, porque ás Deputacións....," sabedes que a única forma de cambiar o sistema de Administración Local é cunha reforma constitucional, ou como dicir: "En España o Rei debería ser o primoxénito, independentemente do sexo", pero é para iso habería que reformar a Constitución; isto non é así. Por certo, Xose Enrique, en Lugo e na Coruña seguides estando na Deputación.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Se non ten competencias as Deputacións desaparecen, en tódolos lados, estemos ou non estemos.

SR.LORES, PSOE.- A Deputación, o que son competencias, ten bastante poucas; o que ten é financiación; competencias, creo que máis alá das carreteras que son provinciais, as outras son sempre competencias delegadas polos distintos Concellos, como poden ser de xestión dalgún tipo de servizo. O que fai a Deputación é a transferencia, é financiación, fundamentalmente. Por iso falabamos de que é un tema de financiación; non podemos facer aquí un debate de se Deputación sí, ou Deputación non, é un debate que non nos corresponde. En canto ó tema do Urbanismo, creo que quedou claro na nosa alegación que todas aquelas competencias teñen que ser antes aprobadas nos Plenos correspondentes; esa é a nosa alegación.

SR.FERNANDEZ, BNG.- No artigo 25 di claramente: "COMISION DE ORDENACION DO TERRITORIO E URBANISMO DA AREA METROPOLITANA DE VIGO"; isto é unha competencia; é unha competencia da área metropolitana, que dí no punto núm.2 que corresponderá a Presidencia ó Conselleiro ou persoa na que delegue.

SR.LORES, PSOE.- Pero non está contemplado que cada ún dos Concellos aprobe esa transferencia; porque non está contemplado neste proxecto.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

SR.FERNANDEZ, BNG.- Pero é que non é unha transferencia que ten que aprobar o Concello; é unha transferencia que lle ten que pasar a Xunta de Galicia que é quen aproba definitivamente os Plans Xerais.

Na páxina 23, aptdo.c): "*A aprobación definitiva dos Plans Xerais de ordenación municipal, no marco do Plan Territorial Integrado Metropolitano. A estes efectos será necesario que estea aprobado definitivamente o Plan Territorial Integrado Metropolitano*"; ou sexa, non é unha competencia que tiñamos que delegar nós; é un artigo que lle dá a potestada á área metropolitana para aprobar definitivamente os Plans xerais; iso é o que entendo eu, ao mellor estou equivocado.

SR.ALCALDE.- Ante a dubida, dende logo a iniciativa sempre no planeamento é municipal; e a aprobación definitiva é competencia da Xunta de Galicia. O que se plantexa aquí, entendo, porque as veces falamos de máis, é a coordinación; e ahí vamos a ter voz e voto; pero non temos a maioría; a maioría segue sendo da Xunta de Galicia; e ¿cál é a ventaxa sobre a situación actual?, que estamos representados nesa Comisión, e que podemos falar, e podemos defender; pero a decisión final é da Xunta de Galicia.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Somos 14 Concellos e estaremos representados ou non, porque dos 13 que quedan fora do de Vigo haberá que repartirse cinco postos.

SR.ALCALDE.- Pero na Comisión que agora hai non estamos representados cada ún dos Concellos; pero si estamos representados a través da Deputación e outros Concellos, pero non está representado cada Concello de forma independente.

Agora estaremos representados os Concellos, e pode ser que Baiona esté ou non esté, pero lóxicamente senón é así estará representada por outro Concello; pero repito que a decisión final é da Xunta de Galicia; ¿melloramos? eu creo que sí, pero dende logo non vamos a cambiar algo de rango superior, entón sí que podería ser complicado; si o que vostede dí da maioría dos Concellos e que os Concellos decidiran sobre a aprobación definitiva, iso sí que sería moito máis complicado; despois polo menos haberá unha discusión nun foro con xente representativa.

SR.FERNANDEZ, BNG.- O que está claro é que se aproban este anteproxecto de Lei con este punto concreto, o que dicía Rafa de que nós non tiñamos esa delegación neste apartado, queda fora de lugar.

SR.ALCALDE.- Non queda fora de lugar porque hai moitas competencias que temos que delegar, ademais estamos falando de que este é un proxecto que entra no Parlamento, e ó remate os Concellos teremos que dicir si estamos de acordo ou non co texto definitivo. Agora estamos facendo aportacións, enriquecendo o documento, pero tamén pode ser que o documento final sexa un despropósito e non estemos de acordo, Baiona ou calquera outro Concello; creo que facer estas alegacións ou reflexións enriquece o documento.

(Neste intre, sendo as 13,50 h., sae da Sala a Sra.Pérez Vieira).

Finalizado o debate, polo Sr.Alcalde dáse conta do seguinte:

- Polo grupo municipal do PSdG-PSOE, propónse a seguinte alegación:

- Calquera competencia que se delegue na Área Metropolitana se realice previa aprobación do Pleno do Concello.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

- **Pola súa parte o grupo de CMÑ propón a seguintes alegacións ó anteproxecto:**

- Que a Presidencia da Área Metropolitana sexa rotativa.
- Que se constituía unha comisión de Turismo cuxas sesións se celebren de forma permanente en Baiona por ser o primeiro municipio declarado de excelencia turística.
- Que por parte da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza se estudie a compatibilidade da Área Metropolitana coa Mancomunidade de Concellos do Val Miñor en aquelas competencias que no solapen ás atribuídas á Área Metropolitana.

Acto seguido sométense a votación as emendas co seguinte resultado: 14 votos a favor (8, PP, 5 PSOE, e 1, CMÑ), e 2 votos en contra, BNG.

(Incorpórase á sesión a concelleira Dna. Teresa Pérez Vieira).

Posteriormente sométese a votación a **Moción coas emendas presentadas acadando o seguinte resultado: 15 votos a favor (8,PP, 6,PSOE e 1,CMÑ), e 2 votos en contra, BNG.**

E por isto que o Pleno da Corporación, por maioría absoluta, ACORDA:

Primeiro.- Formular as seguintes alegacións ó Anteproxecto de creación da Área Metropolitana:

- Que a Presidencia da Área Metropolitana sexa rotativa.
- Que se constituía unha comisión de Turismo cuxas sesións se celebren de forma permanente en Baiona por ser o primeiro municipio declarado de excelencia turística.
- Que por parte da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza se estudie a compatibilidade da Área Metropolitana coa Mancomunidade de Concellos do Val Miñor en aquelas competencias que no solapen ás atribuídas á Área Metropolitana.
- Calquera competencia que se delegue na Área Metropolitana se realice previa aprobación do Pleno do Concello.

Segundo.- Entender cumprido o trámite de audiencia e manifestar o posicionamento favorable ao texto do anteproxecto de Lei de creación de Area Metropolitana de Vigo remitido pola Xunta de Galicia, instando a que continúe a súa tramitación, previa consideración das alegacións sinaladas no primeiro punto."

Procédese a votación da **Moción presentada polo BNG**, resultando: votos a favor, 2,BNG; votos en contra, 9 (8,PP, 1,CMÑ); abstencións, 6,PSOE; polo cal fica rexeitada.

6.- APROBACION, SE PROCEDE, DA INTEGRACION DO CONCELLO DE BAIONA NA REDE DE DINAMIZACION LINGUISTICA.

O Sr. Alcalde cede a palabra á **SRA.IGLESIAS, PP, Concelleira de Cultura**, quen procede á lectura da seguinte:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Co obxecto de fomentar o uso da nosa lingua a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria aprobou a creación da Rede de Dinamización Lingüística,



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

segundo o establecido na Orde de 14 de setembro de 2010, publicada no DOG de 21 de setembro de 2010.

O obxectivo e congrega as institucións con competencia na promoción do uso do galego no ámbito local, co fin de fomentar a dinamización da lingua galega, o seu coñecemento e divulgación social, consolidar e asentir a colaboración e acción conxunta e coordinada da Secretaría Xeral de Política Lingüística e das entidades locais integradas nesta Rede, que permita o intercambio de experiencias, compartir una planificación lingüística que defina extratexias básicas comúns no territorio de Galicia, establecer criterios de avaliación e indicadores unificados que permitan avaliar as actuacións de promoción do uso de galego, entre outras.

Co estes obxectivos se considera adecuada a integración do Concello de Baiona na Rede de Dinamización Lingüística nos termos recollidos na Orde de 14 de setembro de 2010

É por isto que propono ós membros da Comisión informativa de asuntos do Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- A integración do Concello de Baiona na Rede de Dinamización Lingüística, vinculada a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, nos termos recollidos na Orde de 14 de setembro de 2010.

SEGUNDO.- Designar a seguinte representación política no Consello de Membros previsto na Orde:

- Titular: Concelleira de Cultura: María Iglesias Fernández.
- Suplente: Concelleiro de Turismo: Angel Rodal Almuiña.

TERCEIRO.- Designar a seguinte representación técnica na Área Técnica da Rede de Dinamización Lingüística:

- Titular: Técnica do cultura do Concello de Baiona: Raquel García Sánchez.
- Suplente: Auxiliar administrativo do departamento de Cultura: Isabel Valverde Chamorro.

CARTO.- Dar traslado do presente acordo a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

CONTINUA.- Coa adhesión do Concello de Baiona á Rede de Dinamización Lingüística pretendemos aunar esforzos para promover e fomentar a nosa lingua, neste senso os Concellos poderemos participar activamente nos programas da Rede e polo tanto contaremos con actividades que se programen dende ela, sen prexuízo das que podamos facer por iniciativa propia, ampliando a difusión e actuacións por todo o territorio galego.

SR.LORES, PSOE.- Estamos a favor.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Alomenos foi unha satisfacción escoitar á Concelleira de Cultura falando, lendo en galego. Isto que aparentemente, aparentemente solo, parece unha boa iniciativa, cando un se pon a estudialo polo miúdo e recaba documentación, a verdade é que fai gracia. Soamente co título "Rede de Dinamización Linguística", substitúen, intencionadamente, por unha cuestión política de fondo, substitúen o termo "normalización" por "dinamización"; isto confunde a finalidade cos medios, evidentemente; e está claro que nunha cuestión como é a Lingua, que debe ser un tema de orgullo de todos nós, non deben de crearse cortinas de fume



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

para tapar as carencias da Xunta de Galicia nesta cuestión; as carencias intencionadas, por un problema político de política centralista e nacionalista española; esta é a cuestión fundamental. Quixera dicirlle á Concelleira (que o outro día nos explicaba que era a Rede de Dinamización Lingüística) que como dixen ó principio aparentemente apetecía meterse nunha Rede deste tipo porque supostamente vai a haber subvencións, supostamente, e o que non sei se sabe a Concelleira é que se olvide de todo este ano, no 2011, porque a Rede de Dinamización Lingüística non ten nin 1 euro asignado nestes Orzamentos; polo tanto, adhirase, faga todo o que teña que facer, pero non conte vostede nin con un can, como se sole dicir; porque non hai no Orzamento da Xunta nin 1 euro asignado; esas son as noticias que eu teño.

Sr. Alcalde, vostede que sempre criticou tanto fume, aquí ten máis; aquí ten máis fume. Por outro lado teño que criticar que (loxicamente) sexa a Concelleira de Cultura, Maria Iglesias Fernández, a representante, e o Concelleiro de Turismo Angel Rodal Almuiña, que nunca falan en galego; e me pregunto eu ¿estes 2 concelleiros son os que van a defender o galego na Rede de Dinamización Lingüística?, ¿van a ser eles?, pois que se mentalicen e vaian practicando porque (ao mellor pasa que tódolos membros desta Rede tamén falan castelán) para defender o galego o mellor que se pode facer é falalo, para empezar; e despois, a partir de ahí, todo o que veña; polo tanto nós non creemos nestas cortinas de fume e por suposto vamos a votar en contra.

SR.ALCALDE.- O que pasa é que seguen dando carnés do que é o bo galego e o mal galego. Precisamente dicía ó principio que a concelleira sabe falar galego, sabe falar castelán; mentres sigamos pondo o carné ao que é un bo galego ou un mal galego vamos mal.

SR.VILAR, CMÑ.- Estou a favor.

SRA.IGLESIAS, PP.- Simplemente dicir que non creo que o BNG sexa o máis indicado para criticar esta política linguística cando a xente xa falou nas urnas que o que non quería era que lle imporán fala unha lingua, senón que haxa liberdade; entón esta me parece unha boa medida para fomentar a lingua dende o punto de vista voluntario, e por suposto que o Partido Popular defende a lingua galega pero non obriga a falala. Moitas grazas.

SR.ALCALDE.- ¿Te das conta que ben fala, Xose Enrique?; incluso falaba así cando ti te chamabas "Jose Enrique".

SR.FERNANDEZ, BNG.- Nas urnas non se votou a liberdade, señora concelleira; efectivamente hai liberdade e por iso os do PP falan galego diante das cámaras e nos Plenos pero falan en castelán na casa, cos fillos; esa é a maneira que teñen de defender o galego. Estamos falando de defender o galego, non estamos falando doutra cousa; o movemento se demostra andando, e se queres defender o galego fala en galego; iso non quita que cada un fale o que queira porque ten liberdade, evidentemente. Pero as urnas, as eleccións, son moitas máis cousas; moitas máis cousas en pro e en contra; hai mentiras, hai calumnias, e se poden ganar unhas eleccións mentindo e calumniando, e tendo á prensa da man, e tendo moitas máis cousas; eu acórdome cando vostede aínda non nacera, que xa estaba eu na política e xa me chamaba Xosé, de ver como se ganaban eleccións neste Concello ata con 13 concelleiros, de maioría absoluta, acoraxando a vellos e a persoas que non eran tan vellas, a votar co voto na man, e aínda se fai hoxe nalgúns sitios, deste Concello tamén; polo tanto non confundamos a democracia coa lingua e co falar en galego; cada cousa no seu sitio.

Eu sigo insistindo en que para defender o galego hai que falalo. A min me teñen moitas veces dito, nunha conversa: "falas en galego, ¿eres do Bloque?", si, eu son do Bloque, pero é que antes de ser do Bloque xa falaba en galego, "ti, como falas castelán, ¿qué eres, do PP?"; polo tanto, cores e matices hai en todos lados.

Sigo insistindo: isto é unha cortina de fume, nada máis; se quer potenciar a Xunta de Galicia o galego, que o potencie, pero como ten que facelo; e ao mellor aproveitando o que ten, xa chega; pero non creando cortinas de fume que non van a valer para nada.



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

SR.VILAR, CMÑ.- Todos temos que facer un esforzo para falar galego; dende a Administración temos a obriga de utilizalo, tamén na maioría dos documentos; é a nosa obrigación e temos que potencialo; entendo que a algunhas persoas lles custe máis que a outras falar galego, pero cando estamos nun posto público temos a obriga de falalo; tamén os funcionarios teñen esa obriga e me consta que aquí se fai un esforzo importante por parte de todos; e moitas veces xa digo, Fernández, que o medio nos condiciona; dicen que agora non se poden dar clases de matemáticas en galego, pero eu lles dou, estou utilizando os textos en galego; se quere, contra a normativa da Xunta, pero as estou dando en galego porque o alumnado me condiciona; é curioso; pero eu sempre digo que o natural é natural e eu teño moitos alumnos de Santa María de Oia que soamente falan galego e seguro que si eu lles falo en castelán estou fora de contexto.

Isto é un esforzo de todos; e que se impliquen persoas como Angel Rodal ou María Iglesias neste tema é positivo porque é unha forma de captalos ó galego. Pero que non falen galego non quer dicir que non sintan respecto pola cultura de Galicia; a min me consta que o sinten, e moito. Creo que non debemos aquí debatir, senón animar a todo o mundo a que fale galego, que é o máis importante. Moitas grazas.

Sometido a votación polo Sr.Alcalde o presente punto, resultan: votos a favor, 15 (8,PP, 1,CMÑ, 6,PSOE); votos en contra: 2, BNG.

Polo cal, o Pleno, por maioría absoluta, ACORDA:

PRIMEIRO.- A integración do Concello de Baiona na Rede de Dinamización Lingüística, vinculada a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, nos termos recollidos na Orde de 14 de setembro de 2010.

SEGUNDO.- Designar a seguinte representación política no Consello de Membros previsto na Orde:

- Titular: Concelleira de Cultura: María Iglesias Fernández.
- Suplente: Concelleiro de Turismo: Angel Rodal Almuiña.

TERCEIRO.- Designar a seguinte representación técnica na Área Técnica da Rede de Dinamización Lingüística:

- Titular: Técnica do cultura do Concello de Baiona: Raquel García Sánchez.
- Suplente: Auxiliar administrativo do departamento de Cultura: Isabel Valverde Chamorro.

CARTO.- Dar traslado do presente acordo a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

7.- MOCIONS.

-MOCION DE URXENCIA DO GRUPO DE GOBERNO (RECIBO DA LUZ).

O Sr. Alcalde cede a palabra ó **SR.RODAL, PP.**

SR.RODAL, PP.- La urgencia es debida a que, como todos ustedes saben, desde el 1 de enero la energía eléctrica ha subido un 10%, exactamente un 9,8%, igual que el gas un 4%; y entendemos que es un impuesto recaudatorio. (Estoy hablando en castellano pero quiero que me atendáis igual, por favor).



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Entendemos que esta subida no es generada porque la importación sea más cara desde Francia, de la energía nuclear, ó por los costes de creación de la energía; entendemos que es un tema recaudatorio, es un tributo, pero resulta que en este caso estamos hablando de una materia de primera necesidad, no es como el tema de la gasolina, por ejemplo; es de primerísima necesidad, por eso presentamos esta Moción de Urgencia.

(Neste intre, sendo as 14:02 horas, auséntase da Sala o Sr.González Marcote, PSOE).

Sometida a Urxencia a votación polo Sr.Alcalde, resultan: votos a favor, 11 (8,PP, 1,CMÑ, 2, BNG); votos en contra: 5, PSOE; resultando aprobada dita Urxencia.

SR.RODAL, PP.- Yo, obviamente, soy bilingüe; y esta moción, como la prepararon muy bien en gallego pues la tengo que leer en gallego, que no es lo mio.

Sr.Fernández, quiero decirle que desde que entré en política intenté expresarme en gallego, pero me expreso muy mal; lo siento muchísimo. Yo creo que las cosas que hace cada uno tiene que hacerlas bien y yo en mi trabajo intento ser muy profesional; pero obviamente si la Constitución me exige que tengo que hablar en gallego hablaré en gallego, pero yo sé que lo hago muy mal y por eso prefiero no hacerlo; pero de momento nadie me obliga; ahora tengo que leer unos textos porque están en gallego y yo los leo en gallego. Por cierto, mi hijo se llama Anxo porque nos pareció un nombre muy bonito. Como comentó Manolo Vilar, el sentirse gallego se lleva dentro, no por llevar boina lo eres ó por comer hamburguesas dejas de serlo. Por cierto, quiero darle dos datos: hemos creado la "Festa da Lura", y decimos "lura", no decimos "calamar"; y también los pseudoguías, entre Cultura y Turismo, no se si sabrán que hai pseudoguías para potenciar la información turística y cultura de nuestra Carabela, están en 4 idiomas, en castellano, inglés, francés, y hemos optado también por el gallego; y no porque hubiese una subvención de la Xunta, que no la hubo en este caso; pudimos elegir el portugués, pero no, elegimos hacerlo en gallego.

De todas formas, si sigo en la política intentaré hacer algún curso de gallego. Nunca lo haré tan bien como el Sr.Vilar ó como usted, Sr.Fernández, aunque a veces mete bastantes "gazapos"; el Sr.Vilar no, pero usted si los mete.

La Moción dice lo siguiente:

"Os Grupos Municipais do Partido Popular e de Coalición Miñorana no Concello de Baiona, en nome e representación do mesmo e ao amparo do establecido nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 1986, por razóns de urxencia, eleva ao Pleno da Corporación para o seu debate a seguinte

MOCIÓN EN CONTRA DA SUBIDA DO RECIBO DA LUZ ACORDADA PARA O PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2011

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O inicio do ano 2011 non podía comezar peor para as maltreitas economías dos fogares e das empresas galegas. A nefasta política económica do presidente Zapatero **esmaga aos contribuíntes** con subidas dos bens de primeira necesidade como a luz e o gas, nun 10% e un 4% respectivamente.

Desde que goberna o Partido Socialista, a luz non parou de subir, así **dende o ano 2006 o recibo da luz subiu mais dun 40%**, mentres que cando gobernou o Partido Popular **entre 1996 e 2004 o recibo da luz baixou un 14,2%**, moi por riba da media da UE.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Esta nova subida da luz é unha mostra máis do fracaso da política enerxética socialista. Neste sentido compre destacar que un terzo da subida experimentada a principios deste ano 2011 é consecuencia da aplicación do Real Decreto que prima o carbón nacional, que ten un maior custe e menor capacidade calorífica que o importado, que é o que se utiliza nas centrais galegas de As Pontes y Cerceda.

Os galegos e as galegas non se merecen este novo castigo do Goberno de España que se engade á baixada dos salarios, á conxelación das pensións, á subida de impostos, ao incremento do prezo da gasolina e do gasóleo e a supresión dos incentivos fiscais á compra de vivenda, do cheque bebé e da axuda de 426 euros ós desempregados de longa duración.

O Partido Popular valora esta subida como grave prexuízo á capacidade adquisitiva de fogares, autónomos, empresas e PEMES, por iso consideramos que é necesario un gran pacto en política enerxética que aporte estabilidade a un dos factores de competitividade máis importantes para a nosa economía, como é a do custe da enerxía.

Polo exposto anteriormente, se somete ao Pleno do Concello de Baiona a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

- **Manifesta o seu rexeitamento á subida unilateral acordada polo goberno na Resolución que establece o custo de produción de enerxía eléctrica e as tarifas de último recurso a aplicar no primeiro trimestre de 2011.**
- **Insta ao Goberno de España a alcanzar un gran pacto en política enerxética que permita acometer unha reforma integral do sistema eléctrico en España de forma que non sexan os consumidores os que teñan que pagar a factura da aposta polo carbón nacional e que tanto prexudica aos intereses de Galicia**
- **Insta ao Goberno de España a conxelar o recibo da luz durante o ano 2011, xa que a electricidade é un ben de primeira necesidade que afecta directamente a toda a poboación, así como a competitividade das nosas empresas e, por tanto, ás súas expectativas de creación de emprego.**

CONTINUA.- Como comenté antes, en este caso que exclusivamente hablemos de la subida del 9,8% del consumo eléctrico, es porque es una materia de primera necesidad. Recordarles que el IPC del año pasado fué un 2,3%, en el 2010; y que se calcula que habrá un encarecimiento de casi 7 euros en el recibo eléctrico medio por mes, o sea 81 euros/año; en el caso de autónomos, como es mi caso, la media será más ó menos de un aumento de 120 euros, y en las PYMES industriales unos 240 euros/año; mucho más de lo que había dicho el ministro Miguel Sebastián cuando se refería a "un café diario". Esto afecta directamente a los contribuyentes y a la competitividad de las empresas, porque es un altísimo incremento. Voy a comentar algunas subidas complementarias: la bombona de butano, que se utiliza en 8 millones de hogares, subirá un 3,2% que son 49 céntimas; el AVE y los trenes de larga distancia subirán un 2,3%; y los de proximidad un 3,1%; las tasas aeroportuarias suben un 3,9% en 47 aeropuertos españoles; los sellos subirán desde un 3% a un 11% según el peso de la carta; la gasolina subió el pasado año 2010 un 13%, y el gasoil un 18%; a todo esto además hay que sumarle el IVA; y por otro lado tenemos la congelación de pensiones, con lo cual, como todo sube, sobre todos los mayores siguen perdiendo poder adquisitivo; congelación de salario de funcionarios, como habrá este año, y la rebaja del año pasado.

Ahora, y lo digo como portavoz del PP, pero sobre todo personalmente, como Ángel, sí recuerdan cuando hablamos del cheque bebé, me parece estupendo, obviamente estamos en momentos de crisis; entiendo que hay que generar dinero, hacer que ruede el dinero, pero no con esta forma de impuestos; yo particularmente no estoy de acuerdo cuando fue lo del cheque



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

bebé, dije que hay otras formas de potenciar, de hecho todos sabemos lo que pasó a finales del pasado año que la gente intentaba tener partos prematuros para poder cobrar ese dinero; todo tiene su trampa.

El Estado también pretende recaudar 780 millones de euros con la subida del tabaco, cada cajetilla subirá 30 ó 40 céntimos, y no es porque yo no sea fumador pero con esto no estoy muy en desacuerdo. También es el fin de la ayuda de los 426 euros, algo que a mucha gente le puede afectar negativamente, aunque también es cierto que hay personas que se podrían acoplar a esto y estar trabajando de forma ilegal; pero a algunos les puede perjudicar tremendamente; entendemos que el Estado está ingresando muchísimo menos dinero y por ello tiene que recaudar.

En cuanto al tema eléctrico, y espero que después hable el Sr.Fernández, puesto que es entendido en la materia, tengo entendido que nuestra luz es un 73% más cara que en muchos países europeos; o sea, que el tema de la subida proporcional que hemos visto en estos años, desde el 2002 por ejemplo, no es porque la importación haya sido mucho más cara; obviamente antes sí era barata, había bonificaciones, subvenciones, pero es que ahora mismo es como el caso de que no sube el barril de petróleo pero la gasolina y el gasoil siguen subiendo.

Decirle que en la zona del Val Miñor hasta hace muy poquito estaban haciendo 6 cortes de luz diarios, por impagos, y ahora mismo estamos en 60; es un tema muy serio; es un tema importante; que a una persona le corten la luz quiere decir que ya está en el extremo.

Todo lo que he enumerado ahora es un poco para decir que esto, que es el punto que llevamos, que es una subida del 10%, entendemos que no es justificada; es una barbaridad, esto podría ser el caos; y sobre todo los negocios que tienen que asumir este incremento, porque ya he dicho que el gas sube un 4% pero es que el gas industrial sube un 30%; y todo eso lógicamente va a repercutir en los precios.

Por todo ello, entendemos que es una subida tremendamente excesiva, a pesar de que ahora mismo haya un déficit de 25 o 26.000 millones de euros, exactamente la mitad de lo que genera el turismo en España, que son 49.000 millones de euros/año; tenemos un déficit eléctrico de 25.000 millones de euros. Muchas gracias.

SR.ESTEBEZ, PSOE.- Creo que eu non son sospeitoso de non defender o galego cando participo nos Plenos; meus fillos tamén teñen nomes en galego; son un ultradefensor do galego; pero para manifestar o que queres dicir e representar ós cidadás que te votaron da mellor forma posible pois ao mellor uns estamos máis cómodos nun idioma que noutro; e poderemos facélo quizá mellor, non con gazapos, senón explicando concretamente ao que queremos chegar. Agora volvo ó castelán, se mo permitides.

No pretenderá el PP ni CMÑ que el PSOE apoye esta moción ¿no?. Sr.Rodal, de la luz habló poco, de los 426 euros del cheque bebé y de todo eso, mucho; pero de la luz, poco. Creo que todos estamos de acuerdo en que no suban las cosas, ni la luz, ni el pan, ni el agua, ni el tren, ni el AVE, ni los aviones, ni nada; otra cosa es la pura realidad económica de un país.

Es una moción de cicloscyl, es una moción electoralista y que poco tiene que ver con la subida de la luz; nosotros la apoyaríamos si en el primer párrafo borrarán todo.

Explicando un poquito el tema de las subidas energéticas, decirle que este proceso se inicia en el año 97, con una política de liberación del sector llevada a cabo por el Gobierno del PP; lo que lleva a que hoy tengamos un déficit de tarifa que por lo que he leído son 18.000 millones de euros y no de 20.000 como dijo usted; yo creo que son 18.000. Eso hace que todos los españoles debamos eso a las eléctricas. Lo que ustedes dicen aquí de que la luz bajó un 14% con el PP y subió un 40% con el PSOE, pues obviamente tiene mucho que ver que en esos primeros años desde que se liberalizó el sector pues el precio de materias primas estuviera absolutamente congelado; cuando sube el petróleo y suben las materias primas pues lógicamente sube la energía; y eso hace que ese déficit haya que pagarlo de alguna forma, y lo tenemos que pagar todos.

Es curioso que ustedes cuando presentan una moción aprovechen ya cualquier circunstancia para meterse con Zapatero y que machaca a los contribuyentes y la de "nefasta política económica que lleva"; después se contradicen, hablan ustedes de el cheque bebe que se quita,



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

cuando eran ustedes los que más se oponían cuando se instaló, aunque particularmente usted dejó clara su postura personal; igual que cuando hablan ahora de la subida de impuestos, incremento del precio de la gasolina, hace un año y dos meses ustedes hablaban de que el país se derrumbaba por la deflación, cosa que no se llegó a producir nunca; es decir, por un lado hablan de una cosa y un tiempo después se contradicen en función de lo que les interesa.

También es curioso que ustedes aquí quieran primar la aplicación del carbón importado y no del carbón nacional, lo que hace que una balanza de pagos de un país pueda verse seriamente dañada.

Nuestra postura es absolutamente contraria a este tipo de mociones y su contenido, su forma, y su todo; y de Urgencia poco, porque yo lo acabo de leer en el diario Atlántico; el Atlántico lo sabía desde ayer a las 6 de la tarde, nosotros no; es decir: que la Urgencia es relativa. Muchas gracias.

SR. VALVERDE, BNG.- Vou a debater eu esta moción para que o meu compañeiro non teña un pé dentro e outro fora da súa empresa, basicamente.

Borrando a exposición de motivos, co que se solicita na Moción si estamos de acordo; na exposición de motivos non porque entendemos que se falta á verdade en varios aspectos, é dicir: non está dicindo toda a verdade. E certo que a política enerxética do Estado non estivo ben plantexada dende o principio; a política enerxética nos leva a que agora mesmo pois haxa que aplicar este tipo de subidas e agora sexamos os que sempre pagamos os pratos rotos, os que teñamos que asumir as consecuencias, e os culpables son os Gobiernos que houbo no Estado durante todo este período, loxicamente; é dicir, eu reparto as culpas entre o PP e o PSOE, co seu afán privatizador, privatizando un ben de primeira necesidade como é a enerxía eléctrica; e o BNG sempre defendeu, e defenderá, o carácter público de todos aqueles bens de primeira necesidade e servizos que teñan que prestar os distintos Estados e os distintos Organismos públicos e non a súa privatización.

Por outro lado tamén hai que falar da situación en que se atopa Galicia neste contexto estatal; é dicir, Galicia para nada é deficitaria na produción de enerxía eléctrica, ó contrario; temos dúas centrais térmicas, temos un montón de encoros que están producindo electricidade, temos os montes plagados de muíños que seguen producindo electricidade, ¿en qué nos beneficiamos?: en nada; en nada porque ó final estamos pagando o mesmo recibo da luz que o que está pagando calquera veciño do resto do Estado; é dicir, ese tipo de cuestións é algo que hai que ter en conta tamén; é algo que o BNG pois tamén ten dito por activa e por pasiva, de que a produción de enerxía ten que revertir nos veciños e nas veciñas, nos galegos e galegas, que para iso a estamos producindo.

Polo que se explicou estes últimos días, esta gran deficiencia está no transporte da enerxía; creo que agora mesmo se intenta incluso regular para que as propias eléctricas sexan quen teñan que paliar parte deses gastos para que logo este recibo volva a baixar, etc, etc.

O que comentou o Sr. Rodal, que parece que estivo moi acaído, ben a manifestar o fracaso do sistema capitalista actual no que estamos inmersos, é dicir, estamos vindo como tódalas economías están sufrindo a nivel internacional, europeo, e como esas economías emerxentes de Asia e demais están rexurdindo agora mesmo; é dicir: está claro que estamos ante un cambio importante na economía social en todo o mundo e que estamos pagando os excesos que se cometeron con anterioridade, por ignorancia posiblemente, por deixadez de previsión de que isto ía a chegar, pero ahí estamos, estamos pagando "o pato" todos e cada un de nós. Pero non nos olvidemos da política municipal que ten moito que dicir neste sentido; vostede, Sr. Rodal, comentou que agora mesmo hai moitos máis cortes de luz que fai uns anos; é motivada á situación na que os veciños e veciñas deste Concello se atopan: falta de emprego, basicamente; ¿qué política estamos facendo dende o Concello para que haxa emprego?, ¿qué emprego fixemos de fondos estatais? (que xa saben que ó meu xuízo estiveron moi mal encamiñados para ese fomento do emprego); é dicir, eu coido que temos que facer autocrítica; temos todos que arrimar o hombro nun momento dado e pórnos a traballar para que esta situación mude.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Pouco máis que engadir; simplemente dicir que estamos a favor dos acordos que aquí se piden e en contra da exposición de motivos. Nada máis.

SR.VILAR, CMÑ.- A verdade é que cada vez de economía sabemos menos; non sei quen ten a culpa desta situación. A situación é moi grave, evidentemente, e non me extraña que surxan este tipo de mocions culpando ao que ten a culpa de todo que é o Sr.Zapatero; ao mellor dentro de pouco, cando o Sr.Mariano Rajoy chegue á Presidencia do Goberno vainos a dicir que a situación estaba peor do que él creía que estaba e nos van a meter máis medidas.

Estamos vivindo un momento en que cada vez vamos a ser máis pobres; cada vez vamos a ter menos poder adquisitivo; cada vez haberá posiblemente máis paro; o sector productivo aquí non pode competir con China ou coas grandes potencias multinacionais, eses países en desenvolvemento que ao mellor traballan en escravitude; e de verdade, ao mellor Europa vai a ser un país de comerciantes, de comerciais, pero non de produtores, e de feito en Galicia cada vez construímos menos barcos; as centrais térmicas de As Pontes, que eran competitivas, cando viña o carbón de fora que se queimaba, e que a nós nos interesaba, o Sr.Zapatero tomou a medida de potenciar o carbón de León, protexendo ó carbón nacional, e ao mellor son medidas que nos han prexudicado moito. Citroen está como está; na pesca cada vez son menos os galegos que traballan, porque son tripulacións de conveniencia ou de terceiros países; estámolo pasando moi mal e cada vez sabemos menos de economía, pero hai que facer algo. Agora a quen hai que culpar é ó Goberno, porque penso que a economía moitas veces é unha cuestión de confianza, e se hai un cambio de Goberno ¿pode haber máis confianza e crearse máis emprego e máis actividade económica?, non se sabe, pero haberá que probalo, iso é o que pensan a maioría dos españois. ¿O tema da luz?, é terrible a subida e polos datos que me aportan vostedes de que cada vez hai máis cortes a familias que non poden pagar pois é triste que esté pasando; estamos ante unha situación moi complicada.

Nun Concello, Roberto, non estamos para crear emprego, nós somos unha Administración de servizos; nós poderemos crear o emprego que poidamos crear se temos moitos ingresos e moitos fondos e moitas necesidades, que sí temos moitas necesidades pero a nosa capacidade de crear emprego é mínima; é unha situación moi complicada. E xa sei que son mocions un pouco de cyclosyl, que atacan a Caballero ou a Zapatero, pero bueno, alguén ten que ser culpable.

Nós vamos a votar a favor desta mocion, por coherencia política.

SR.ALCALDE.- E temos que pagar tamén as prexubilacións dos traballadores de UNION FENOSA, e das Caixas.

SR.RODAL, PP.- Comentarle al Sr.Valverde que en el tema de la crisis estamos de acuerdo en muchas cosas; en cuanto a los fondos estatales creo que todos estuvimos de acuerdo en que pudiese ser que toda la gente empleada fuera gente de la zona, nacional y sobre todo gente de la zona; dentro de las bases se intentó hacer lo más legal posible, y creo que aquí aún menos mal, porque si se fijó en los fondos estatales en humanizaciones en Vigo eran todas personas de color ó portugueses (y no tengo nada en contra de la gente de color ni de los portugueses), pero era exagerado. He dicho gente "de color" aunque ahora de Obama dicen "negro" y antes no lo podías decir.

El Sr.Estévez dijo que yo no había comentado nada sobre electricidad y creo que dí bastantes datos de los cortes que se están produciendo, y de la subida. Tienen una estadística todos ustedes, yo desde luego no la hice, creo que es la Comisión Nacional de Estadísticas, y desde el año 2000 hubo un déficit de 250 millones, al año siguiente un déficit de 100, luego 1.100 estando el PP, despues 0, se mantuvo así, y desde que entró el PSOE 3.830, 1.200; en el 2008, 5.000 millones; 4.600, y 5.000, que suman los 25.000; no quiero decir que el PP lo hiciera maravillosamente pero es evidente que aquí pasó algo; en el año 2007 estuvieron en 1.200. Por hablar un poco de la crisis, nadie tiene la solución, como dijo Manuel Vilar, cada vez por desgracia, en cada Pleno, vamos a hablar más de la crisis, porque al final nos afecta a todos, por eso el primer punto del orden del Día era el tema de los locales, para que se puedan habilitar



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

cada vez más en nuestro municipio y generen vida en el comercio; y lo que sí creo que debemos hacer todos es especializarnos; creo que con respecto a Alemania, lo que tenemos que hacer (Alemania es la que tira del carro en Europa) es especializarnos, ser todos más profesionales, en Turismo, restauración, etc., eso es lo que tenemos que hacer porque la materia prima en España es buenísima, tenemos buenos materiales, buen turismo, costa, etc., pero nos falta la especialización, y yo no soy economista pero creo que eso es lo que debemos hacer.

Daré un ejemplo comparando la crisis con el ciclismo; como en una etapa del ciclismo llegó un momento en estos últimos años en el que todos queríamos ser el líder, todos queríamos ser Indurain, todos queríamos tener un Mercedes y un chalet, pero a veces es mejor ir en el grupo; en el grupo: en la mitad o delante; pero lo que no debes hacer nunca es ir atrás de todo porque viene el coche escoba y te lleva; y creo que eso fue lo que pasó; lo que hablamos muchas veces: mucha gente se endeudó demasiado y ahora está en la parte de atrás del pelotón, viene el coche escoba y nos lleva a todos; y cuando el coche escoba te lleva, al pasar los 15 minutos pues ya te eliminan de la carrera; eso fue lo que paso. Muchas gracias.

SR.ESTEBEZ, PSOE.- Cada vez que debatimos mociones de éstas, ustedes como gobernantes, como responsables, de generar confianza en los ciudadanos sacan un cero; es decir, cada vez que hablamos de estas cosas el paro aumenta, la deflación, nos hundimos, somos más pobres, etc. Creo que los que tenemos responsabilidad política, gobernemos ó no, debemos generar la confianza necesaria para que todo vaya mucho mejor porque la economía también es una cuestión de confianza y de previsión; y realmente podemos ver las cosas de dos formas diferentes pero muchas veces perjudica más un rumor que una realidad, y desde hace más ó menos 1 año el desempleo se ha estabilizado, es decir, no hemos llegado a 5 millones de parados como se predecía, ni mucho menos; nos mantenemos en 4 millones de parados; la economía no ha crecido pero tampoco ha habido la recesión que se había vaticinado; y en principio en el año 2011 va a crecer, aunque sea un poquito, y cuando la economía crece generalmente se crea empleo. Vamos a confiar en el que el año 2011 sea un año de crecimiento económico y de generación de empleo, aunque sea poquito, y que el 2012 sea un buen año. Esa es la idea que debemos transmitir los políticos, aparte de creer en ello, obviamente, creo que es así; lo contrario lo que hace es crear incertidumbre y llegar a situaciones peligrosas, peligrosas para todos.

Sobre el tema de especializarse, como dijo el Sr.Rodal, creo que hay un pacto de Estado fundamental y con una vinculación económica tremenda, es un pacto de educación, de formación, y que puede ser una asignatura pendiente en este país; y ha habido muchísimas cuestiones partidistas, con Leyes Orgánicas de cada partido político y realmente de poco criterio a la hora de llevar a cabo que este país sea un país formado y competente para llevar a cabo lo necesario para poder superar una crisis a los ámbitos sectoriales, que quizás sea en el futuro: energéticos, energías renovables, investigación, desarrollo, etc. Yo ahí sí que estaría totalmente de acuerdo; ya no en la especialización sino en adentrarse en aquellos sectores ó en aquel futuro; ya no podemos seguir con lo anterior; tenemos que tener una nueva economía, una nueva estructura económica de aquí al futuro que no va a tener nada que ver con la anterior; y como todo esto es cíclico, que la próxima crisis que será dentro de 15 o 20 años, estemos mejor preparados para asumirla que en la actualidad; la educación y la formación son fundamentales para ello, para poder adaptarnos a estas situaciones. Nuestro voto es totalmente contrario a esta moción por los motivos obvios que en ella aparecen. Muchas gracias.

SR.VALVERDE, BNG.- Con respecto ó tema das eléctricas eu coido que é triste ver como un Ministro ten que decir que ten que subirnos o recibo da luz un 9,8% e de repente as eléctricas vemos que lle fan contratos millonarios ós nosos ex-Presidentes, 125.000 euros para Felipe González e 200.000 euros para o Sr.Aznar; iso sí que é triste; e que teñan a desfachatez de facelo nestes momentos, aínda por riba, cando hai moitos veciños que o están pasando verdadeiramente mal; están falando de cifras astronómicas por ser embaixadores desas empresas, aínda por riba.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Con respecto ó que pode facer o Concello, Sr.Vilar, eu si coido que o Concello ten moito que facer e que dicir na creación de emprego; e non digo na creación de emprego directo, que me consta que está facendo esforzos, que si está contratando persoal, está facendo obradoiros de emprego, e me parece unha política acertada, pero quedan moitos temas pendentes que si se poden aplicar e se puxeramos todos a carne no asador poderíamos facer que en Baiona se crease máis emprego que o actual. Comencemos polo Plan Xeral; si tiveramos un Plan Xeral ó día, en activo, se poderían dar as circunstancias para que veciños e veciñas e promotores puideran construír neste Concello polo cal empresas constructoras, electricistas, carpinteiros, e todo o que iso xenera, poderían ter traballo neste Concello.

Por outro lado, xa o dixen fai cuestión duns meses: creación de semilleiro de empresas, para que os rapaces, xóvenes e demais, emprendedores deste Concello, teñan a oportunidade de comezar a traballar neste Concello, ben sexa un semilleiro do propio Concello ou en cooperación coas Cámaras de Comercio e demais estamentos; coido que xa o falamos no seu momento e coido que é unha das iniciativas interesantes; etc, etc, hai moitísimas cousas que se poden facer dende o Concello pero hai que pórle vontade, gañas, e ilusión; non fan falta demasiados euros tampouco; fan falta gañas, ilusión, e querer facer as cousas, simplemente; e dende o Concello si se pode facer moitísimo para que o problema do desemprego poida aminorarse e non teñamos que sufrir as consecuencias que estamos sufrindo. E con respecto ó Plan Estatal de fomento do emprego, que era como se titulaba, non digo que Baiona fixera mal os seus deberes, eu coido que incluso no primeiro Plan, que o prazo era mínimo para presentar proxectos, se fixo un auténtico record de presentar proxectos que puideran crear emprego e demais, pero non só no Concello de Baiona: en tódolos Concellos do Estado; o problema foi como se creou ese Plan Estatal e como se fixo; é dicir: con esa cantidade de millóns de euros en vez de enterrálos en pedra como fixemos tódolos Concellos, ¿non se poderían facer outro tipo de políticas para crear empregos realmente estables e non de 1, 2 ou 3 meses en precario (como foron a maioría deles)?; iso é o que criticamos; o critico especialmente eu, dende a miña posición.

SR.VILAR, CMÑ.- Na anterior intervención falei do tema en xeral, pero agora tratamos o tema das tarifas eléctricas; a min gustaríame que o Estado falase dun Plan enerxético de maneira clara; e ao mellor nos terían que falar de centrais nucleares, e isto é algo que moita xente non quere escoitar; e ninguén fala claramente; eu pregunto ¿se hai centrais nucleares a enerxía sería máis barata?, ¿vale a pena télas, como en Francia, onde existen moitísimas?, eu, de feito, en Nantes, estiven ó lado dunha central nuclear, e a xente convive con elas con moita naturalidade, teñen enerxía barata e permítense ter un sector, un tecido industrial, moi importante, e polo tanto traballar a costes moito máis baixos que nós e incluso permítense exportar enerxía; pero ¿este modelo vai ser aceptado aquí en España?, porque ese é o quiz da cuestión; estamos falando de que non queremos muiños nos montes, a min me gusta ver os montes galegos sen muiños, pór ún no Galiñeiro é unha barbaridade, ou na Serra da Grova; pero ¿a enerxía eólica vai a resolver o problema realmente?, ¿a enerxía hidráulica é suficiente?, as desfeitas que se fan nos ríos, nos embalses, ¿vale a pena?; hai que ser coherentes; ao mellor o futuro pasa pola enerxía nuclear, pero si se falara agora délo moita xente se lanzaría á rúa protestando contra elo; pero todo isto é o futuro, é o futuro e o gran debate enerxético é ese; ou queremos ser un país como Francia, con tódalas ventaxas e con tódolos inconvenientes, ou queremos ser un país idílico, vivir nun paraíso, e seguiremos sendo un país de pobres.

Ese é o quiz da cuestión; o que pasa é que ningún partido político fala claro deste tema; todo o mundo di "hai que facer un Plan enerxético, e tal...", pero claro, se ten que dicir así; esta é a auténtica realidade. O triste é que a luz, a enerxía eléctrica, agora ten uns prezos increíbles; equivale ó soldo dunha persoa que teña na súa vivenda todo electrificado; se ten a calefacción, a cociña, con enerxía eléctrica, a luz, de verdade que non lle chega o soldo dun mes para pagar ese recibo; o Sr.Fernández pode dar fe de iso.

Nós estamos a favor para que a enerxía eléctrica sexa máis barata.



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

Sometida a votación a presente Moción polo Sr.Alcalde, resultan: votos a favor, 11 (8,PP, 1,CMÑ, 2, BNG); votos en contra: 5, PSOE.

Polo cal, o Pleno, por maioría, ACORDA:

- **Manifestar o seu rexeitamento á subida unilateral acordada polo goberno na Resolución que establece o custo de produción de enerxía eléctrica e as tarifas de último recurso a aplicar no primeiro trimestre de 2011.**
- **Instar ao Goberno de España a alcanzar un gran pacto en política enerxética que permita acometer unha reforma integral do sistema eléctrico en España de forma que non sexan os consumidores os que teñan que pagar a factura da aposta polo carbón nacional e que tanto prexudica aos intereses de Galicia.**
- **Instar ao Goberno de España a conxelar o recibo da luz durante o ano 2011, xa que a electricidade é un ben de primeira necesidade que afecta directamente a toda a poboación, así como a competitividade das nosas empresas e, por tanto, ás súas expectativas de creación de emprego.**

8.-ROGOS E PREGUNTAS.

(Sendo as 14:45 horas, abandoa a Sala o SR.ESTEBEZ, PSOE)

ROGOS DO PSOE.

SR.LORES.-

1º.- ROGO que nos trasladan os veciños de Baredo: que se estudie a posibilidade de facer un paso de peóns na Escola Infantil de Baredo, e algún tipo de indicación para que se aminore a velocidade cando se pasa por alí.

2º.- Outro ROGO referente ó Paseo de Monteboi; vemos que están un pouquiño deteriorados todos aqueles carteis que se puxeran de metracrilato; ROGAMOS que se faga un pequeno esforzo e se repoñan eses indicadores, eses carteis.

PREGUNTAS DO BNG.

SR.FERNANDEZ.- Xa no Pleno anterior preguntei sobre o tema das obras de PLYGEPE; a pregunta era:

- **No informe de Intervención 128/2010, relativo á relación de facturas, aparece unha de 2.369,88, e a Interventora dí que está disconforme con pagala e que corresponde ó pago a PLYGEPE; se supón que pola obra que fixo en Santa Liberata, non o sei; nos gustaría saber a qué corresponde esta factura e porqué motivo está disconforme a Interventora, e porqué motivo se pagou.**



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE.- Non se pagou porque a concelleira de Urbanismo non deu a conformidad ó que fixo a empresa; dita empresa tiña que facer unha mellora e non a fixo como entendemos nós que debe ser, e a concelleira non firmou esa factura e polo tanto non se pagou.

- **¿Pensan reparar as pluviais do camiño de Pouquena que ultimamente se leva inundado, ou crear un novo río Pouquena en Sabarís?.**

SR.ALCALDE.- Contestarei no próximo Pleno.

E non tendo outros asuntos que tratar, o Sr.Alcalde levantou a sesión sendo as catorce horas e corenta e sete minutos do mesmo día, de todo lo cal como Secretaria,CERTIFICO.